

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2020.

Lugar: sala de sesións do Concello de Ames

Día: 20.02.2020

Hora de comezo: 20:30 h

Hora de finalización: 22:15 h

PERSOAS PRESENTES

Presidente	José M. Miñones Conde
Grupo municipal Socialista	José M. Miñones Conde
	Luisa Feijóo Montero
	José Blas García Piñeiro
	Susana Señorís Rodríguez
	Manuel Lens Cernadas
	Beatriz Martínez Domínguez
	Víctor Manuel Fernández Prieto
	Ana Belén Paz García
Grupo municipal Popular	Ramón García Argibay
	María Oliva Agra Costoya
	María Dolores Fernández Álvarez
	María Belén Castro Montenegro
	Francisco Javier Olmo Olmo
	Emilio Martínez Carballeira
Grupo municipal BNG	David Santomil Mosquera
	Natividad González Rodríguez
	Escarlata Pampín López
Grupo municipal Contigo Podemos	Genma Otero Uhía
	Vanessa Vidal Freire
Grupo municipal Mixto	Enrique Costas Bastero
	José Ramón Oulego Erroz

Asiste a interventora, Margarita Fernández Sobrino.

Actúa como secretaria a titular da Corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

**ORDE DO DÍA
PARA DELIBERACIÓN E ACORDO**

Punto único.- Aprobación inicial orzamento municipal 2020

PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

Punto único.- Aprobación inicial orzamento municipal 2020

Expediente: 2020/X999/000067

(.....)

Logo de finalizar as intervencións, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos seus membros, cos votos a favos dos/as 8 concelleiros/as do grupo municipal socialista; dos 3 concelleiros/as do grupo municipal BNG e das 2 concelleiras do grupo municipal Contigo Podemos; o voto en contra dos 6 concelleiros/as do grupo municipal popular, do concelleiro do grupo mixto José Ramón Oulego Erroz, e a abstención do concelleiro do grupo mixto, Enrique Costas Bastero, adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Ames para o exercicio económico 2020 xunto coas súas Bases de execución, e demais anexos que o compoñen e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

GASTOS	2020
CAPÍTULO 1.- Gastos do Persoal	8.876.743,74 €
CAPÍTULO 2.- Gastos correntes en bens e servizos	12.023.726,53 €
CAPÍTULO 3.- Gastos financeiros	4.000,00 €
CAPÍTULO 4.- Transferencias correntes	1.243.458,99 €
CAPÍTULO 5.- Fondo de Continencia	42.342,52 €
Gastos correntes	22.190.271,78 €
CAPÍTULO 6.- Investimentos reais	5.113.793,21 €
CAPÍTULO 7.- Transferencias de capital	- €
Gastos de capital	5.113.793,21 €
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANZEIRAS	27.304.064,99 €
CAPÍTULO 8.- Activos financeiros	12.000,00 €
CAPÍTULO 9.- Pasivos financeiros	54.624,83 €
Gastos Financeiros	66.624,83 €
TOTAL GASTOS	27.370.689,82 €
CAPÍTULO 1.- Impostos directos	8.342.752,88 €
CAPÍTULO 2.- Impostos indirectos	390.000,00 €
CAPÍTULO 3.- Taxas e outros ingresos	6.737.542,85 €
CAPÍTULO 4.- Transferencias correntes	8.707.892,01 €
CAPÍTULO 5.- Ingresos patrimoniais	74.500,00 €
Ingresos correntes	24.252.687,74 €
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANZEIRAS	26.673.744,86 €
CAPÍTULO 6.- Alleamento de investimentos reais	- €
CAPÍTULO 7.- Transferencias de capital	2.421.057,12 €
Ingresos de capital	2.421.057,12
CAPÍTULO 8.- Activos financeiros	12.000,00 €
CAPÍTULO 9.- Pasivos financeiros	684.944,96 €
Ingresos Financeiros	696.944,96
TOTAL INGRESOS	27.370.689,82

SEGUNDO. Aprobar inicialmente os cadros de persoal, comprensivos de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Aprobar o teito de gasto, de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira para o exercicio 2020 de acordo cos cálculos da regra de gasto :

	Gasto computable 2019	% de incremento	Limite regra de gasto 2020
Límite de la Regla de Gasto 2019	19.752.694,40	2,8	20.305.769,84
		INCREMENTOS PERMANENTES DE RECAUDACIÓN	551.942,00
		TOTAL	20.857.711,84

CUARTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello de Ames do exercicio 2020, que ascende a 3.372.000,21 euros (sen incluír trienios, fondo social, seguridade social, nin horas extras).

QUINTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2020, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello e páxina web, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SEXTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

SÉTIMO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma.

OITAVO. Facultar o alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Anexos

BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL 2020

TITULO 1	NORMAS XERAIS
CAP. ÚNICO	NATUREZA DAS BASES E ÁMBITO DE APLICACIÓN
Base 1ª	Normas legais e regulamentarias
Base 2ª	Ámbito de aplicación
Base 3ª	Interpretación
TITULO 2	DO ORZAMENTO XERAL E DAS SÚAS MODIFICACIÓNS.
CAPÍTULO 1	ESTRUTURA ORZAMENTARIA
Base 4ª	Estrutura Orzamentaria
CAPÍTULO 2	CRÉDITOS E AS PREVISIÓNS INICIAIS. PRÓRROGA DO ORZAMENTO
Base 5ª	Documentación orzamentaria
Base 6ª	Créditos e previsións iniciais
Base 7ª	Financiamento dos créditos do orzamento
Base 8ª	Prórroga do Orzamento Xeral
CAPÍTULO 3	RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS DAS SÚAS MODIFICACIÓNS
Base 9ª	Normas Xerais
Base 10ª	Nivel de vinculación xurídica dos créditos
Base 11ª	Créditos extraordinarios e Suplementos de crédito
Base 12ª	Créditos Ampliables
Base 13ª	Transferencias de Crédito
Base 14ª	Xeración de Créditos
Base 15ª	Incorporación de remanentes de crédito do exercicio anterior
Base 16ª	Baixas por anulación
TITULO 3	DA EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL
CAPÍTULO 1	NORMAS XERAIS SOBRE EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN
Base 17ª	Fases na xestión do Estado de gastos
Base 18ª	Acumulación de fases
Base 19ª	Retención de Créditos
Base 20ª	Autorización e Disposición de gastos.
Base 21ª	Recoñecemento e liquidación de obrigas
Base 22ª	Recoñecemento extraxudicial de créditos
Base 23ª	Ordenación de pagamentos
Base 24ª	Xustificación da ordes de pagamento
Base 25ª	Ordes de pagamento a xustificar

Base 26ª	Anticipos de Caixa Fixa
Base 27ª	Gastos de carácter plurianual
Base 28ª	Modificacións do Anexo de Investimentos
CAPÍTULO 2	EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS
Base 29ª	Recoñecemento de dereitos.
Base 30ª	Control da recadación.
Base 31ª	Contabilización dos cobros.
CAPÍTULO 3	DA TESOURERÍA.
Base 32ª	Plan de disposición de fondos da Tesourería
Base 33ª	Operacións de Tesourería.
CAPÍTULO 4	DA INTERVENCIÓN
Base 34ª	Exercicio do control interno: órgano e réxime xurídico.
Base 35ª	Exercicio da función fiscalizadora
Base 36ª	Alcance da fiscalización de gastos e ingresos
Base 37ª	Da función de control financeiro
CAPÍTULO 5	DA CONTABILIDADE
Base 38ª	Modificación de dereitos e obrigas de exercicios pechados
Base 39ª	Liquidación do orzamento
TÍTULO 4	DOS GASTOS DE PERSOAL
Base 40ª	Anticipos reintegrables a funcionarios e persoal laboral
Base 41ª	Indemnizacións e asistencias aos membros da Corporación.
TÍTULO 5	DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLO CONCELLO
CAPÍTULO 1	AMBITO DE APLICACIÓN
Base 42ª	Ámbito de aplicación
CAPÍTULO 2	SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS
Base 43ª	Subvencións nominativas e transferencias para o exercicio 2020
Base 44ª	Normas aplicables ás subvencións nominativas non incluídas expresamente no orzamento inicial.
CAPÍTULO 3	SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.
Base 45ª	Convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva.
Base 46ª	Bases das convocatorias de subvencións en réxime de concorrencia competitiva.
Base 47ª	Convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva.
Base 48ª	Beneficiarios de subvencións en réxime de concorrencia competitiva.
Base 49ª	Tramitación de solicitudes e concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva.
Base 50ª	Realización de actividades ou investimentos subvencionados e xustificación das subvencións.
Base 51ª	Pagamento de subvencións
Base 52ª	Publicidade de achegas concedidas.
Base 53ª	Responsabilidade e réxime sancionador
Base 54ª	Procedemento de reintegro de subvencións.
Base 55ª	Control financeiro posterior de subvencións
Base 56ª	Normativa de aplicación ás subvencións municipais.
Base 57ª	Instrucións para o seguimento da achega mensual aprobada polo pleno a favor dos grupos políticos municipais.

TÍTULO 1. NORMAS XERAIS

CAPÍTULO ÚNICO. NATUREZA DAS BASES E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

BASE 1ª. NORMAS LEGAIS E REGULAMENTARIAS.

A aprobación, execución e liquidación do orzamento xeral, así como o desenrolo da xestión económica xeral e a fiscalización da mesma, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral, que regulan a actividade económica das Corporacións Locais, e polas presentes Bases de Execución do Orzamento, redactadas en virtude do disposto no Artigo 165.1.b) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e do artigo 9.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, de desenvolvemento daquel en materia orzamentaria.

BASE 2ª. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

De conformidade co establecido no Artigo 9.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, estas Bases só estarán en vigor durante a vixencia do Orzamento Xeral correspondente ao exercicio de 2020, e, no seu caso, durante a prórroga do mesmo.

BASE 3ª. INTERPRETACIÓN.

As dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas Bases serán resoltas pola Alcaldía, previo informe da Secretaría ou da Intervención, segundo proceda.

A modificación das presentes Bases requirirá seguir a mesma tramitación que a esixida para a aprobación do orzamento.

TÍTULO 2. O ORZAMENTO XERAL E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

CAPÍTULO 1. ESTRUCTURA ORZAMENTARIA.

BASE 4ª. ESTRUCTURA ORZAMENTARIA.

Para a confección do Orzamento téñense aplicado as estruturas por programas e económica dispostas pola Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, polo que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

En consecuencia, os créditos incluídos no Estado de gastos do Orzamento preséntanse co seguinte detalle:

- Clasificación por programas: con tres niveis de desagregación (grupos de programas)
- Clasificación económica, con cinco niveis de desagregación (subconcepto).

A aplicación orzamentaria, da que a súa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, defínese pola conxunción das clasificacións por programas e económica.

O rexistro contable dos créditos, das súas modificacións, e das operacións de execución do gasto, realizarase sobre a aplicación orzamentaria antes definida.

As previsións incluídas no Estado de ingresos do Orzamento clasifícanse por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos, segundo se detalla na estrutura económica de ingresos da Orde Ministerial antes citada.

CAPÍTULO 2. OS CRÉDITOS E AS PREVISIÓNS INICIAIS. PRÓRROGA DO ORZAMENTO.

BASE 5ª. DOCUMENTACIÓN ORZAMENTARIA.

1. O Orzamento Xeral do Concello de Ames para o exercicio 2020 está integrado unicamente polo orzamento do propio Concello, ao non existir ningún ente público nin sociedade mercantil dependente deste.

2. De acordo co previsto no TRLRFL, o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2020 está integrado pola seguinte documentación:

LIBRO I.- DOCUMENTOS DO ORZAMENTO.	
➤	Estados de Gasto e Ingreso, integrados á súa vez polas listaxes proporcionadas pola aplicación informática empregada na levanza da contabilidade.
➤	Bases de execución.

LIBRO II. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA	
➤	Memoria da Alcaldía.
➤	Informe económico - financeiro.
➤	Anexo de investimentos.
➤	Anexo de persoal.
➤	Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
➤	Anexo con información relativa aos convenios subscritos ca Comunidade Autónoma en materia de gasto social.
➤	Estado da débeda (estado de previsión de movementos e situación da débeda).
➤	Liquidación do exercicio anterior, e avance da correspondente ao exercicio vixente.

BASE 6ª. CRÉDITOS E PREVISIÓNS INICIAIS.

Para a execución dos programas integrados nos Estados de Gastos do Orzamento, apróbanse créditos por importe de **27.370.689,82** euros que, resumidos por capítulos, presentan a seguinte desagregación:

GASTOS	2020
CAPÍTULO 1.- Gastos do Persoal	8.876.743,74 €
CAPÍTULO 2.- Gastos correntes en bens e servizos	12.023.726,53 €
CAPÍTULO 3.- Gastos financeiros	4.000,00 €
CAPÍTULO 4.- Transferencias correntes	1.243.458,99 €
CAPÍTULO 5.- Fondo de Continencia	42.342,52 €
Gastos correntes	22.190.271,78 €
CAPÍTULO 6.- Investimentos reais	5.113.793,21 €
CAPÍTULO 7.- Transferencias de capital	- €

Gastos de capital	5.113.793,21 €
TOTAL OPERACIONES NON FINANCEIRAS	27.304.064,99 €
CAPÍTULO 8.- Activos financeiros	12.000,00 €
CAPÍTULO 9.- Pasivos financeiros	54.624,83 €
Gastos Financeiros	66.624,83 €
TOTAL GASTOS	27.370.689,82 €
INGRESOS	2020
CAPÍTULO 1.- Impostos directos	8.342.752,88 €
CAPÍTULO 2.- Impostos indirectos	390.000,00 €
CAPÍTULO 3.- Taxas e outros ingresos	6.737.542,85 €
CAPÍTULO 4.- Transferencias correntes	8.707.892,01 €
CAPÍTULO 5.- Ingresos patrimoniais	74.500,00 €
Ingresos correntes	24.252.687,74 €
TOTAL OPERACIONES NON FINANCEIRAS	26.673.744,86 €
CAPÍTULO 6.- Alleamento de investimentos reais	- €
CAPÍTULO 7.-Transferencias de capital	2.421.057,12 €
Ingresos de capital	2.421.057,12
CAPÍTULO 8.- Activos financeiros	12.000,00 €
CAPÍTULO 9.- Pasivos financeiros	684.944,96 €
Ingresos Financeiros	696.944,96
TOTAL INGRESOS	27.370.689,82

Co fin de facilitar a comprensión do estado de gastos, enuméranse a continuación as áreas de gasto e os grupos de programas incluídos nas previsións iniciais do orzamento do exercicio 2020:

1. Áreas de gasto:

	AREAS DE GASTO.
0	Débeda pública.
1	Servizos públicos básicos.
2	Actuacións de protección e promoción social
3	Produción de bens públicos de carácter preferente
4	Actuacións de carácter económico
9	Actuacións de carácter xeral.

2. Grupos de programas:

- 132. Seguridade e Orde Público.
- 133.- Ordenación do tráfico e do estacionamento.
- 134.- Mobilidade urbana
- 135.- Protección Civil.-
- 151. Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística.
- 153.2. Pavimentación de vías públicas.
- 154. Infraestruturas urbanísticas. DUSI
- 1539. Outros gastos vías públicas.
- 160. Saneamento
- 161. Abastecemento domiciliario de auga potable.
- 1621. Recollida de residuos.
- 1623.Tratamento de residuos.
- 163. Limpeza viaria.
- 164. Cemiterios e servizos funerarios.
- 165. Alumeado público.
- 171.- Parques e xardíns.
- 1728.-Plan de prevención municipal de incendios
- 1729.- Outras actuacións en materia de protección do medio ambiente.
- 221. Outras prestacións económicas a favor de empregados.
- 2311 Asistencia social.
- 2312 Promoción social.
- 2411 Fomento do emprego.
- 311.- Protección da saúde.
- 312. Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde.
- 3231 Funcionamento de centros docentes de ensino infantil e primario.
- 3232.- EIM O Bosque.
- 3233.- EIM A Madalena.
- 3234.- EIM Galiña Azul Figueiras.
- 3235.- EIM Galiña Azul Bertamiráns.
- 3261 Servizos complementarios de educación.
- 3262.- Rede Municipal de Comedores Escolares.-
- 3321. Bibliotecas públicas.
- 3341 Promoción cultural.
- 3342.- Mocidade.
- 3343.- Servizo de Normalización lingüística.

336. Protección e xestión do Patrimonio Histórico-Artístico.
338. Festas populares e festexos.
341. Promoción e fomento do deporte.
342. Instalacións deportivas.
4311. Feiras.
4314 Promoción da actividade comercial.
432. Información e promoción turística.
4411. Transporte colectivo de viaxeiros
453. Estradas.
454. Camiños veciñais.
491. Sociedade da información.
4911. Sociedade da información DUSI
912. Órganos de goberno.
920. Administración Xeral.
926. Comunicacións internas.
931. Política económica e fiscal.
932. Xestión do sistema tributario.
933. Xestión do patrimonio.
941. Transferencias a Comunidades Autónomas.
942. Transferencias e Entidades Locais Territoriais.
943. Transferencias a outras Entidades Locais.

No estado de ingresos recóllese as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario, e que coinciden no seu importe co Estado de gastos, figurando deste xeito nivelado o orzamento.

BASE 7ª. FINANCIAMENTO DOS CRÉDITOS DO ORZAMENTO.

Os créditos iniciais financiaranse:

- Cos dereitos económicos a liquidar durante o exercicio que se detallan nos Estados de Ingresos correspondentes, nos Capítulos 1, 2, 3, e 5 .
- Polas transferencias correntes que se especifican nos Capítulo 4 do Estado de ingresos.
- Polas transferencias de capital que se recollen nos Estados de Ingresos (Capítulo7).
- Polos ingresos financeiros recollidos no Capítulo 8 e 9 de ingresos . Endebedamento resultante do Plan Provincial de Obras e Servizos(POS+) do exercicio 2020. E operación de endebedamento proxectada para operacións da estratexia DUSI impulsa Ames.

De acordo co anterior, o resumo por capítulos do orzamento é o reproducido no seguinte cadro:

BASE 8ª. PRÓRROGA DO ORZAMENTO XERAL.

Se ao inicio do exercicio económico do ano 2021 non tivera entrado en vigor o Orzamento Xeral correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o de 2020, ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará aos créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias ou outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente foran a percibirse no devandito exercicio.

A determinación das correspondentes aplicacións orzamentarias que non foran susceptibles de prórroga, por estar comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, serán establecidas mediante Resolución motivada da Alcaldía, e previo informe da Intervención.

Delégase na Alcaldía a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais dos Orzamentos prorrogados ás previsións contempladas nos Proxectos de Orzamentos pendentes de aprobación.

Mentres dura a vixencia desta prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas pola Lei.

Aprobado o Orzamento Xeral, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do Orzamento prorrogado.

CAPÍTULO 3. RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS.

BASE 9ª. NORMAS XERAIS.

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que foron autorizados no Orzamento Xeral do Concello, ou nas súas modificacións debidamente aprobadas.

Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, non podendo adquirirse compromisos de gastos en contía superior ao importe dos mesmos, coa consecuencia da nulidade de pleno dereito dos Acordos, Resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada limitación, todo iso de conformidade co disposto nos artigos 173.5 do TRLRFL, e 25.2 do Decreto 500/1990 que a desenrola.

O cumprimento das limitacións expresadas no parágrafo anterior deberá verificarse ao nivel de vinculación xurídica que se sinala na seguinte Base.

Con cargo aos créditos do Estado de gastos de cada Orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, aplicaranse aos créditos do Orzamento vixente, no momento de seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao Orzamento Xeral.
- As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto previsto no Artigo 47.5 do Real Decreto 500/1990 requirirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o Artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, relativas ao

recoñecemento extraxudicial de créditos.

Cando a modificación afecte a aplicacións orzamentarias asociadas a Proxectos de Gasto con Financiamento Afectado deberá acreditarse que a modificación orzamentaria é compatible cos termos do compromiso de financiamento adquiridos por terceiros co Concello e coas disposicións legais ou regulamentarias que regulen a utilización do recurso afectado.

BASE 10ª. NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS.

Coa finalidade de darlle cumprimento ao principio de especialidade cuantitativa, establécese para o exercicio 2020 o seguinte nivel de vinculación xurídica dos créditos:

Clasificación por programas:

- a. Con carácter xeral, as aplicacións serán vinculantes a nivel política de gasto (2 díxitos).

Clasificación económica:

1. A nivel de capítulo (1 díxito), para os créditos de todos os capítulos.

Normas particulares:

Sen prexuízo do anterior, a vinculación xurídica dos seguintes créditos:

- A nivel de grupo de programa (4 díxitos) e a nivel capítulo (1 díxito): para 3342 e 3343
- A nivel de grupo de programa (3 díxitos) e a nivel capítulo (1 díxito): para 172
- Os créditos declarados ampliables.

Aos efectos do nivel de vinculación xurídica establecido para os créditos, considéranse abertas toda as aplicacións orzamentarias que se deriven das posibles combinacións das estruturas por programas e económica, a nivel de grupos de programas e subconcepto, non descritas expresamente nos Estados de Gastos do Orzamento do Concello, cun crédito inicial para cada unha destas aplicacións de cero euros.

BASE 11ª. CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS.

Os Créditos Extraordinarios e Suplementos de crédito que se tramiten durante a vixencia do Orzamento Xeral do Concello ateranse ás normas establecidas no artigo 177 do TRLRFL, artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e ás contempladas nesta Base.

1.- Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito.

Cando se deba realizar algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado no Orzamento da Corporación, ordenarase polo Alcalde a tramitación dos seguintes expedientes:

1. De concesión de crédito extraordinario.
2. De suplemento de crédito.

2.- Estes expedientes poderanse financiar:

- Con cargo ao remanente líquido de tesourería.
- Con novos ingresos non previstos.
- Con maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do Orzamento.
- Con recursos procedentes de operacións de crédito para os gastos de investimento.
- Mediante baixas dos créditos de aplicacións de gastos non comprometidos, sempre que se estimen reducibles sen perturbación do servizo.

3.- Tramitación dos expedientes:

A tramitación dos expedientes estará integrada polas seguintes fases:

- Inicio, por Providencia da Alcaldía, precedida da formulación dunha memoria xustificativa da necesidade de efectuar os gastos, da imposibilidade de demorar a execución a ulteriores exercicios e da inexistencia ou insuficiencia de crédito no nivel no que estea establecida a vinculación xurídica.
- Informe da Intervención.
- Ditame da Comisión informativa permanente de Economía e Facenda e Especial de Contas.
- Aprobación inicial polo Pleno do Concello.
- Exposición pública do expediente por prazo de quince días hábiles, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia.
- Aprobación definitiva polo Pleno, no suposto de presentarse reclamacións; noutro caso, o acordo aprobatorio inicial considerarase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
- Publicación do expediente, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.
- Simultaneamente ao envío do anuncio de publicación indicado no apartado anterior, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

BASE 12ª. CRÉDITOS AMPLIABLES.

Terán a natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados, excepto os procedentes de operacións de crédito, de conformidade todo elo co disposto no artigo 39.1 do Real Decreto 500/1990, de 29 de abril.

Os créditos que se declaren ampliables terán carácter vinculante ao nivel de desagregación con que figuren nos estados de gastos do orzamento.

As aplicacións do Orzamento Xeral de Gastos que a continuación se relacionan, teñen a consideración de ampliables:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITOS INICIAIS	RECURSOS AFECTADOS	PREVISIÓN INICIAL
160 227.11 Saneamento. Contrato de xestión.	798.997,97	301.00 Servizo de saneamento	1.458.339,21
161 227.11 Abastecemento. Contrato de xestión.	1.013.950,13	300.00.- Servizo de abastecemento.	1.047.313,40

A contía da ampliación, será como máximo polo importe en que superen os dereitos recoñecidos netos ás previsións orzamentarias.

Os expedientes tramitaranse pola Alcaldía, previo informe da Intervención, e nos mesmos especificaranse os medios ou recursos que financian o maior gasto, acreditándose, en todo caso, o recoñecemento en firme dos dereitos que financien o crédito que se pretenda ampliar e que os citados dereitos supoñan maiores recursos sobre os previstos nos respectivos conceptos orzamentarios.

A aprobación dos expedientes de ampliación de créditos corresponderá á Alcaldía.

BASE 13ª. TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO.

As transferencias de crédito de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

1. Non afectarán aos créditos ampliables nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.

2. Non poderán minorarse, mediante transferencia, os créditos que foran incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de Orzamentos pechados.
3. Non se incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, foran obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de persoal.

As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de crédito cando sexan motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.

Os expedientes de transferencias de crédito tramitaranse pola Alcaldía, previo informe da Intervención de Fondos que certificará da existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria que deba ceder crédito.

A aprobación dos expedientes de transferencias de créditos entre distintas áreas de gasto corresponderá ao Pleno do Concello, salvo cando as altas e as baixas afecten a créditos de persoal. Na tramitación destes expedientes serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación do Orzamento Xeral do Concello, así como o réxime de recursos contencioso administrativos contra os citados Orzamentos.

A aprobación dos demais expedientes de transferencias de crédito, previo informe e certificación da existencia de crédito suficiente da Intervención, corresponderá á Alcaldía.

Non terán a consideración legal de transferencias as alteracións de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a un mesmo nivel de vinculación xurídica.

BASE 14ª. XERACIÓN DE CRÉDITOS.

Poderán xerar crédito nos estados de gastos do orzamento xeral deste Concello os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións:

- Aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente co Concello, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos dos mesmos.
- Alleamentos de bens do Concello.

En ámbolos dous supostos será requisito indispensable para que se xere o crédito, que se dea o acto formal de compromiso firme de aportación ou recoñecemento do dereito, extremos que deberán ser acreditados pola Intervención.

- Prestación de Servizos.
- Reembolsos de préstamos.

Nos dous supostos anteriores, o crédito xerarase no momento do recoñecemento do dereito, se ben a dispoñibilidade dos devanditos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos, extremos que deberán ser acreditados pola Intervención.

Os expedientes de xeración de créditos tramitaranse pola Alcaldía, correspondendo a este órgano a súa aprobación, previo informe da Intervención no que se deixe constancia de:

- A correlación entre o ingreso e o crédito xerado.
- Os conceptos de ingresos onde se producira un ingreso ou compromiso non previsto no Orzamento inicial, ou que exceda da súa previsión inicial, e a súa contía.
- As aplicacións orzamentarias do Estado de gastos e o crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.

BASE 15ª. INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO DO EXERCICIO ANTERIOR.

Os remanentes de crédito estarán formados polos seguintes compoñentes:

- Os saldos de disposicións, ou diferenza entre gastos dispostos ou comprometidos e obrigas recoñecidas.
- Os saldos de autorizacións, ou diferenza entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.
- Os saldos de crédito ou suma de créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de autorizar.

Os remanentes de crédito, aos efectos da súa posible incorporación ao exercicio seguinte, poderán encontrarse nas seguintes situacións:

a) Remanentes de crédito non incorporables: en ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de crédito xa incorporados no exercicio que se liquida, salvo aqueles que estiveran financiados con recursos afectados.

b) Remanentes de créditos de incorporación voluntaria: poderán ser incorporados aos correspondentes créditos dos orzamentos de gastos do exercicio inmediato seguinte os remanentes non utilizados procedentes de:

- Créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito que foran concedidos ou autorizados no último trimestre do exercicio.
- Créditos que amparen disposicións ou compromisos de gastos do exercicio anterior, a que se fai referencia no artigo 26.2,b) do Real Decreto 500/1990.
- Créditos por operacións de capital.
- Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.

c) Remanentes de créditos de incorporación obrigatoria: os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente ao exercicio seguinte, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou que se faga imposible a súa realización.

A incorporación dos remanentes de crédito detallados nos parágrafos anteriores, quedará subordinada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Os remanentes de crédito derivados de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito concedidos ou autorizados no último trimestre, deberán ser aplicados para os mesmos gastos que motivaron, en cada caso, a súa concesión e autorización; poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte, e quedarán subordinados á existencia de suficientes recursos financeiros.
- En relación cos créditos que amparen compromisos de gasto do exercicio anterior, os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte, e deberán contar con suficientes recursos financeiros.
- Aos créditos financiados con recursos afectados non lles serán de aplicación as regras de limitación no número de exercicios, se ben deberán contar con suficientes recursos financeiros.

Aos efectos de incorporación de remanentes de crédito consideraranse recursos financeiros:

- Remanente Líquido de Tesourería.
- Novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no Orzamento.

No caso de incorporación de remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado consideraranse recursos financeiros suficientes:

- 1) En primeiro lugar, os excesos de financiamento e os compromisos firmes de aportación afectados aos remanentes que se pretende incorporar.
- 2) No seu defecto, os recursos mencionados no parágrafo anterior.

As propostas de incorporación de remanentes tramitaranse pola Alcaldía, informándose pola Intervención de Fondos a existencia de recursos suficientes para facer posible a incorporación de créditos.

As propostas de incorporación de remanentes de créditos terán en conta as seguintes prioridades:

Os recursos financeiros dispoñibles aplicaranse, en primeiro termo, á incorporación de remanentes de crédito que amparen proxectos de gastos financiados con ingresos afectados.

O exceso, se o houber, destinarase a financiar a incorporación de remanentes de crédito que amparen disposicións ou compromisos de gasto de exercicios anteriores.

Os recursos financeiros que resulten tras as incorporacións expostas aplicaranse á incorporación dos restantes remanentes de crédito de carácter voluntario.

O anterior debe entenderse ser prexuízo do establecido no artigo 32 da Lei Orgánica 2/2016, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

A aprobación dos citados expedientes corresponderá, en todo caso, á Alcaldía.

No caso de que se produciran alteracións na codificación das clasificacións por programas ou económica, con respecto ao orzamento anterior, polo departamento de contabilidade, previo informe da Intervención, deberá procederse a actualizar, segundo as novas codificacións, os créditos incorporados.

Nos proxectos financiados con recursos afectados provinte de exercicios anteriores, cando se renuncie total ou parcialmente á súa execución, ou cando rematada aquela non se tivera esgotado o crédito asignado aos mesmos, poderá procederse á súa incorporación as aplicacións de gastos que o precisen para o desenvolvemento de novos proxectos de similar natureza, aínda que aquelas correspondan a áreas de gasto distintas das de procedencia, correspondendo á Alcaldía a aprobación do cambio de afectación do recurso, e a conseguinte incorporación do remanente.

BASE 16ª. BAIAS POR ANULACIÓN.

Poderá darse de "baixa por anulación" calquera crédito do estado de gastos ata a contía correspondente ao saldo do crédito, sempre que a devandita dotación se estime reducible ou anulable sen perturbación do respectivo servizo.

Poderán dar orixe a unha baixa de créditos:

- a. A financiamento de Remanentes de Tesourería negativos.
- b. A limitación da dispoñibilidade de créditos.
- c. A financiamento de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

Para a tramitación dos expedientes de "baixa por anulación", observaranse os seguintes requisitos:

- a. Iniciación do expediente pola Alcaldía.
- b. Informe da Intervención.
- c. Ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas.

Corresponderá ao Pleno do Concello a aprobación das baixas por anulación dos créditos.

TÍTULO 3. EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL

CAPÍTULO 1. NORMAS XERAIS SOBRE EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN.

BASE 17ª. FASES NA XESTIÓN DO ESTADO DE GASTOS.

A xestión dos créditos incluídos nos Estados de Gastos dos Orzamentos que integran o Xeral do Concello, realizarase nas seguintes fases:

- o Retención do crédito, no seu caso, que constituirá, en todo caso, un acto independente (RC).
- o Autorización do Gasto (A).
- o Disposición ou compromiso do Gasto (D)
- o Recoñecemento e liquidación da Obriga (O).
- o Ordenación do Pagamento (P).

As devanditas fases terán o carácter e contido definido nos artigos 31, e 54 a 61 do R.D. 500/1990.

BASE 18ª. ACUMULACIÓN DE FASES.

De conformidade co disposto no artigo 184.2 do TRLRFL e nos artigos 9, 67 e 68 do Real Decreto 500/1990, poderanse acumular varias fases da xestión do gasto nun só acto administrativo.

Ademais das indicadas na base anterior, poderanse presentar, polo tanto, as seguintes fases:

a.- Autorización Disposición (AD). Cando para a realización dun gasto se coñeza a contía exacta e o nome do perceptor.

Poderán tramitarse por este procedemento, entre outros os seguintes expedientes:

1. Nómina dos empregados municipais e dos membros da corporación en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.
2. Contratos menores que pola súa contía deban ser obxecto de autorización previa, de acordo co disposto nestas bases de execución.
3. Contratos de vixencia plurianual, respecto á anualidade orzamentaria.
4. Gastos de tracto sucesivo cuxo importe sexa previamente coñecido.
5. Gastos financeiros que, debido ás súas características, podan ser coñecidos con carácter previo ao recoñecemento da obriga.
6. Expedientes de responsabilidade patrimonial.

b.- Autorización – Disposición Recoñecemento da Obriga (ADO), para aqueles gastos que polas súas características requiran axilidade na súa tramitación, e sempre que non estean sometidos a procesos de contratación .

Poderán tramitarse por este procedemento, entre outros os seguintes tipos de gastos:

1. Gastos de persoal distintos dos indicados no apartado anterior.
2. Contratos menores, distintos dos indicados no apartado anterior.
3. Gastos financeiros distintos aos indicados no anterior apartado.
4. Asistencia a tribunais de oposición e órganos colexiados e dietas por comisión de servizos.
5. Gastos de tracto sucesivo cuxo importe non sexa coñecido ate ao momento da prestación do servizo.
6. Gastos financeiros distintos aos indicados no anterior apartado: entre eles os cargos en contas bancarias por comisións ou os gastos derivados da tramitación de ficheiros de cobros.
7. Gastos orzamentarios consecuencia de fondos librados con carácter de a xustificar ou como anticipos de caixa fixa.
8. Gastos extraordinarios por calamidades ou catástrofes públicas ou grave risco destes, e aqueles outros de carácter urxente e inaprazable que faga imposible seguir os trámites xerais de execución orzamentaria.

O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que se as devanditas fases se acordaran en actos administrativos separados. En calquera caso, o Órgano ou Autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia, orixinaria, delegada ou desconcentrada, para acordar todas e cada unha das fases que naquel se inclúan.

BASE 19ª. RETENCIÓN DE CRÉDITOS.

Dentro do importe dos créditos autorizados no Orzamento Xeral do Concello, corresponderá á Intervención Xeral a retención de créditos en base ás propostas de gasto ou de modificacións de crédito que efectúen as correspondentes Unidades Xestoras.

BASE 20ª. AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS.

A autorización é o acto mediante o cal o órgano competente acorda a realización dun gasto determinado por unha contía certa ou aproximada, reservando a tal fin a totalidade ou parte dun crédito orzamentario.

A disposición é o acto mediante o que se acorda a realización de gastos previamente autorizados, por un importe exactamente determinado, con relevancia xurídica para terceiros, vinculando á entidade á realización dun gasto concreto e determinado, tanto na súa contía como nas condicións da súa execución.

Con cargo aos créditos do Estado de gastos do orzamento xeral do Concello, a autorización e disposición dos mesmos corresponderá aos seguintes Órganos:

Ao Pleno da Corporación (ou órgano en que este tivera delegado a competencia):

1. Contratacións e concesións de toda clase cando o seu valor estimado supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento, e en calquera caso, os 6.000.000 euros.
2. Gastos plurianuais, cando a súa duración sexa superior a catro anos eventuais prórrogas incluídas, cando sendo inferior o importe acumulado de todas as súas anualidades supere os 6.000.000 euros, ou cando se excepcionen os límites establecidos no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
 - O recoñecemento extraxudicial de créditos, sen prexuízo do previsto no último parágrafo da Base 22.1ª, e as operacións de concesión de quita e espera.
 - O concerto de operacións de crédito, a longo prazo sempre que superen o 10 % dos recursos ordinarios do Orzamento, e as de Tesourería que excedan dos límites sinalados no artigo 22 m) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
 - Aqueles outros gastos derivados do exercicio da súa competencia.

Ao Alcalde (ou órgano en que este tivera delegado a competencia):

1. Gastos de persoal, de acordo coas normas que regulen os mesmos.
2. Compra de bens correntes e servizos dentro dos límites da súa competencia.
3. Intereses, amortizacións, comisións e outros gastos financeiros derivados da débeda municipal.
4. Subvencións, previo cumprimento das normas que regulan a súa concesión.
5. Contratos de obras, servizos e subministrados nos que a competencia non estea atribuída ao Pleno do Concello.
6. A concertación das operacións de crédito a longo prazo, así como a apertura e cancelación de operacións de Tesourería, cando a competencia non esta atribuída ao Pleno do Concello.
7. Aqueles gastos plurianuais que non estean reservados ao Pleno da Corporación.
8. Aqueles outros gastos derivados do exercicio da súa competencia.

Os documentos contables relativos á autorización e disposición de gastos de competencia da Alcaldía, entenderanse debidamente acreditados mediante a indicación daqueles da data da Resolución aprobatoria da execución do gasto. Naqueles supostos nos que a autorización ou disposición de gastos sexa competencia do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, farase a mesma indicación -relativa á data de celebración da sesión correspondente- no documento contable, e xuntaranse aos mesmos unha certificación do acordo expedida pola Secretaría Xeral.

A dispoñibilidade dos créditos orzamentarios quedará condicionada, en todo caso:

- a) Á existencia de documentos fidedignos que acrediten compromisos firmes de aportación, en caso de axudas, subvencións, doazóns ou outras formas de cesión de recursos.
- b) Ao alleamento dos bens, naqueles casos en que os créditos estiveran financiados co produto a obter a partir dos mesmos. A estes efectos, entenderase que os bens foron alleados cando se dite o acto administrativo de adjudicación dos mesmos.
- c) Á efectiva concertación da operación de endebedamento, polo importe que estea previsto financiar mediante esta fonte de financiamento.

Contratos menores.

A tramitación de gastos, que pola súa contía deban considerarse contratos menores conforme ao disposto no artigo 111 e 138.3 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, e a partir da súa entrada en vigor estarase ao disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se

traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, adecuáranse ás seguintes normas:

En ningún caso se poderán considerar contratos menores aqueles que correspondan a partes ou fases dun mesmo obxecto, polo que deberá acreditarse expresamente no expediente que os servizos, subministracións e obras son completos e independentes e, por tanto non susceptibles de continuación mediante fases ou complementos.

En todo caso procurárase a acumulación de adquisicións, prestacións ou obras que teñan idéntico obxecto ou finalidade co fin de tramitar expedientes de contratación conxuntos.

Corresponderá a quen propoña a realización dun contrato menor verificar previamente a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación, mediante a incorporación do documento contable de retención de créditos polo importe da proposta.

Os contratos menores terán unha duración máxima dun ano, procurárase a súa imputación ao exercicio orzamentario en que se realiza a prestación, non poderán ser obxecto de prórroga, revisión de prezos ou fraccionamento. Admitíranse pagos parciais para esta modalidade de contratos.

A tramitación de gastos que, pola súa contía e duración, deban considerarse contratos menores con arranxo ao disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, polo que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, adecuáranse ás seguintes normas:

- Corresponderá a quen propoña a realización dun contrato menor verificar previamente a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación.
- En todo caso procurárase a acumulación de subministracións que teñan idéntico obxecto ou finalidade co fin de tramitar expedientes de contratación conxuntos.
- Procedemento calquera que sexa o importe:
 1. O expediente conterá unha proposta do servizo correspondentes segun modelo aprobado pola alcaldía de adquisición razoada, detallada e valorada na que figurarán, como mínimo, os seguintes datos: obxecto, orzamento de licitación, financiamento, forma de pago, prazo de execución e dereitos e deberes das partes e os criterios que se utilizaron para valorar as ofertas e a súa ponderación. E recollerán todas as ofertas cursadas e proporán a un licitador xustificando a proposta. No informe constará que non se están eludindo as normas de contratación dos contratos menores e que non existe fraccionamento do contrato. En todo caso deberá quedar suficientemente detallada a prestación.
 2. A non ser que elo sexa imposible en virtude da natureza do gasto, os orzamentos achegados polos empresarios estarán suficientemente detallados, de xeito que non se dará trámite a aqueles que inclúan partidas a tanto alzado, que impidan a súa axeitada valoración, así como a posterior comprobación da prestación efectivamente realizada polo empresario.
 3. No caso de obras superiores a 3.000 €, as propostas deberán incorporar, adicionalmente, unha memoria valorada e asinada por un técnico competente (ou conformada, no seu defecto, polos servizos técnicos municipais), sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiriran.
 4. No caso de obras, subministros e servizos superiores a 3.000 €, as propostas deberán incorporar, adicionalmente 3 orzamentos.
 5. A proposta así cumprimentada será remitida ao Servizo de Intervención, que informará acerca da existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa realización independentemente do importe.
 6. Acreditada a existencia de crédito, corresponderá ao servizo interesado remitir a solicitude de gasto e proposta de contrato ao departamento e contratación, a efectos da súa adxudicación, acompañada dos informes necesarios segundo o artigo 118.3.

BASE 21ª. RECOÑECEMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

O recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderá á Alcaldía, ou órgano en que este delegue.

Documentos xustificativos para o recoñecemento da obriga.

1. Todo acto de recoñecemento e liquidación de obrigas basearase nun documento que acredite o dereito ao correspondente pagamento de terceiro-acredor, considerándose como tales as certificacións de obra, contas de xestión dos servizos, facturas de provedores, convenios con terceiros, acordos de concesión de subvencións -xuntamente cos documentos xustificativos de aplicación das subvencións outorgadas- certificacións de acordos e resolucións de autoridades administrativas, testemuños de sentencias xudiciais firmes e outros de natureza análoga que tiveran o carácter de executivos. Así mesmo os servizos responsables do gasto informarán sobre a efectiva recepción da prestación, e a súa conformidade co contrato ou encargo realizado e a adecuación dos importes aos prezos do mercado. As facturas deberán vir asinadas polo responsable do contrato e polo concelleiro/a da área.
2. As facturas serán orixinais e cumpriran as prescricións previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
3. As certificacións de obras serán expedidas mensualmente polo técnico director das mesmas, axustándose ao modelo facilitado polo Concello ou, no seu caso, pola administración que financie a actuación correspondente. O director da obra expedirá certificación mensual dentro dos dez días seguintes o mes que corresponda, e abarcará a obra executada no devandito período, aínda que non existan unidades de obra executada no mesmo; salvo que o prego de cláusulas administrativas prevea outra cousa, a certificación mensual será obrigatoria.

Conformidade previa co recoñecemento da obriga.

A fin de acreditar a realización da prestación ou o dereito do acredor, de conformidade no seu caso cos acordos que no seu día autorizaron e comprometeron o gasto, o recoñecemento da obriga requirirá, como trámite previo, que polo xefe do servizo ou responsable do contrato, ou onde este non exista, polo Concelleiro Delegado correspondente, sexa asinada unha dilixencia que funcionará como acta de recepción para os contratos de tracto sucesivo, sobre a efectiva recepción da prestación, e a súa conformidade co contrato ou encargo realizado e a adecuación dos importes aos prezos do mercado. As facturas deberán vir asinadas polo xefe de servizo ou responsable do contrato e polo concelleiro/a da área.

A dilixencia a que se refire o parágrafo anterior forma parte da comprobación obrigatoria do investimento para todos os gastos non xustificadas documentalmente con certificación de obras ou actas de recepción de obras, subministracións ou servizos.

De existir, as certificacións de obras ou actas de recepción de obras, subministracións ou servizos, servirán como acreditación de que a obra, servizo ou subministración foi levada a cabo con arranxo ás condicións técnicas que serviron de base para a adxudicación.

BASE 22ª.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

De acordo co previsto no artigo 176 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e nos artigos 26 e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, o recoñecemento extraxudicial é un procedemento que ten por obxecto dar amparo orzamentario a gastos efectuados en exercicios anteriores.

Con carácter xeral, o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ao Pleno; non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, en relación co 26.2.c) da mesma norma, delégase na Alcaldía o acto material da aprobación do recoñecemento cando quede acreditada no expediente a existencia de crédito para a realización dos gastos, no momento en que aqueles foran efectuados.

Delégase igualmente na Alcaldía o acto material de recoñecemento extraxudicial dos gastos de tracto sucesivo efectuados no exercicio

inmediatamente anterior, cando a propia natureza dos mesmos determine que as facturas ou documentos acreditativos da realización das prestacións non sexan aportados dentro do ano natural en que fora efectuado o gasto.

No orzamento de 2020, recóllese crédito adecuado e suficiente para tramitar o recoñecemento extraxudicial de créditos de todas aquelas prestacións desenvoltas nos últimos meses do ano que contaran con crédito adecuado e suficiente no ano de inicio pero que non se tramitasen dentro do exercicio por non estar conformadas, ou por non facturarse dentro do exercicio no que se deveñou o gasto.

O recoñecemento extraxudicial de gastos que non contén con consignación específica no orzamento require da previa xustificación no expediente das medidas a adoptar respecto dos programas ou actividades inicialmente previstos, de feito que resulte suficientemente acreditada a viabilidade da súa aprobación sen merma dos restantes servizos acollidos a tal programa.

Neste exercicio recolle crédito adecuado e suficiente en particular para facer fronte as seguintes liquidacións de obras:

Denominación	Importe
Liquidac. Obra mellora accesibilidade polideportivo Milladoiro. POS 2018	3.561,03
Liquidación obra Acceso a carreira e viais no Núcleo de Pedras.POS 2018	6.707,91
Liquidac. Camiño Principal en Sandar POS Adc. 1/17	4.354,63

BASE 23ª. ORDENACIÓN DE PAGAMENTOS.

Corresponderá ao Alcalde a ordenación de pagamento das obrigas previamente recoñecidas. As ordes de pagamento deberán acomodarse ao plan de disposición de fondos que se estableza, tendo prioridade, en todo caso, os gastos de persoal e as obrigas contraídas en exercicios anteriores.

O acto administrativo da ordenación poderase materializar en relacións de ordes de pagamento que recollerán, como mínimo e para cada unha das obrigas nelas incluídas, os seus importes bruto e líquido, a identificación do acreedor e a aplicación ou aplicacións orzamentarias a que deban imputarse as operacións.

Así mesmo, a ordenación do pagamento pode efectuarse individualmente respecto de obrigas específicas e concretas.

O pagamento material xustificárase pola Tesouraría mediante o "recibín" do perceptor ou orde de transferencia bancaria debidamente dilixenciada pola Entidade financeira.

BASE 24ª. XUSTIFICACIÓN DAS ORDES DE PAGAMENTO.

Non poderán expedirse ordes de pagamento sen que previamente fose acreditado documentalmentemente ante o órgano competente para recoñecer obrigas a realización da prestación ou o dereito do acreedor, de conformidade coas resolucións aprobatorias da autorización e compromiso do gasto.

BASE 25ª. ORDES DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR.

Non poderán expedirse ordes de pagamento sen a debida xustificación da obriga á que a mesma se refira.

Non obstante, con carácter excepcional, poderán expedirse ordes de pagamento "a xustificar", que deberán axustarse ás seguintes normas:

- A expedición e execución das ordes de pagamento "a xustificar" deberá efectuarse previa a aprobación polo órgano competente da autorización e disposición do gasto, aportándose informes sobre as circunstancias polas que non se poden acompañar os documentos xustificativos antes da orde de pagamento e informe da Intervención ao respecto.
- O importe total a librar mediante pagos a xustificar a un mesmo perceptor e por un mesmo concepto non poderá exceder de 8.000 euros, excepto nos pagos derivados de expropiacións, nese caso devandito importe máximo se amplíe ata o total das valoracións periciais contidas no expediente expropiatorio.
- Os fondos librados a xustificar poderán situarse, a disposición da persoa autorizada, en conta corrente bancaria aberta ao efecto, ou ben entregándose en efectivo ao perceptor.
- Os conceptos orzamentarios aos que son de aplicación as ordes de pagamento "a xustificar" limítanse ao Capítulo 2 da clasificación económica do Orzamento de Gastos, e a aqueles outros do Capítulo 4 e 6 que se relacionan:
 - Subministracións menores, sempre que non requiran trámite contractual algún por razón da súa contía, de acordo coa lexislación aplicable.
 - Pago das taxacións establecidas en relación con expedientes de expropiación. Neste caso o mandamento de pago a xustificar librarase á Tesouraría Provincial, e o seu importe ingresarase na conta bancaria establecida para tal fin.
 - Adquisición de bens inmoables, mediante o procedemento de expropiación forzosa.
 - Pagamento de obras acometida á rede eléctrica ao distribuidor da enerxía.
 - Aqueles outros en que a necesidade de recorrer a esta vía derivara do disposto nunha norma estatal ou autonómica.
 - Premios en metálico.
- A xustificación das ordes de pagamento expedidas con carácter de "a xustificar" deberá efectuarse no prazo de 3 meses dende a súa expedición, e en todo caso antes de que finalice o exercicio orzamentario.
- Os perceptores de fondos librados "a xustificar" deberán render ante a Intervención conta xustificativa dos devanditos gastos, acompañando facturas e documentos que xustifiquen a mesma. A citada conta, xunto coa documentación acreditativa da realización do gasto, e o Informe da Intervención, será sometida á aprobación do ordenador de pagamentos.
- Cando non se xustifique a totalidade dos fondos recibidos procederase ao reintegro dos percibidos en exceso, acompañando á dita conta xustificante do ingreso efectuado.
- De non se render a conta nos prazos establecidos nesta base, procederase a instruír expediente de alcance contra o perceptor dos devanditos fondos, de conformidade co disposto ao efecto na Lei Xeral Orzamentaria. De igual xeito, procederase polas cantidades non xustificadas nin reintegradas nos prazos establecidos.
- Só se poderán expedir ordes de pagamento "a xustificar" cando o perceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto orzamentario fondos librados con este carácter.
- Para o seu seguimento contable estarase ao disposto na Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local Orde HAP/1781/2013.

BASE 26ª. ANTICIPOS DE CAIXA FIXA.

Os fondos librados "a xustificar" con carácter de anticipos de caixa fixa regularanse polas seguintes normas:

1.- **Ámbito.**- O réxime de Anticipos de Caixa Fixa poderanse aplicar aos seguintes servizos municipais:

1. Escola Infantil Municipal "O Bosque".
2. Escola Infantil Municipal "A Madalena".
3. Rede Municipal de Comedores Escolares.
4. Tesouraría Municipal.
5. Administración xeral e órganos de goberno.

Os Anticipos de Caixa Fixa destinaranse a atender gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo tales como material de oficina non inventariable, subministración de produtos perecedoiros tales como alimentación, combustible, material funxible, servizos de mantemento de edificios, instalacións, etc., e calquera outro de similar natureza que sexan imputables ao Capítulo 2 do Orzamento Xeral de Gastos.

A proposta dos responsables dos centros ou servizos, previos os informes da Intervención e da Tesouraría, e a través de Resolución da alcaldía, poderán modificarse os Centros ou Servizos aos que se faga extensivo o réxime de Anticipos de Caixa Fixa previsto na presente Base, respectando o seu contido no que se refire a contía, situación dos fondos, control, xustificación e contabilidade.

2.- **Contía.** Os Anticipos de Caixa fixa, en función dos gastos a satisfacer con cargo aos mesmos, respecto ao Capítulo 2, poderán alcanzar unha contía equivalente ao 50% do importe dos créditos definitivos do devandito Capítulo, xestionados directamente polos responsables do anticipo concedido.

3.- **Situación dos Fondos.** Para situar os fondos correspondentes a cada centro ou servizo como Anticipo de Caixa Fixa, procederase á apertura dunha conta restrinxida para tal fin nunha entidade financeira, individualizada por Centro ou servizo.

Os fondos situados en tales contas, ou os que baixo a súa responsabilidade custodie a persoa habilitada, terán para todos os efectos carácter de fondos públicos municipais. No primeiro caso, os seus intereses ingresaranse nos conceptos do Capítulo 5 do Orzamento Xeral.

4.- **Disposición de fondos.** As disposicións de fondos das contas a que se refire o apartado anterior, efectuaranse mediante cheques nominativos ou transferencias bancarias, autorizadas polas firmas mancomunadas da persoa ou persoas designadas ao efecto mediante Resolución da Alcaldía. Para aquelas situacións nas que teñan que efectuarse pagos en efectivo (mercados, pequenas adquisicións ocasionais e outras similares) poderase dispor de fondos mediante cheque nominativo a favor dun dos titulares da conta, que será responsable da custodia e xustificación dos mesmos.

5.- **Control.** Mensualmente e acompañando a conta do período respectivo, se axuntará o estado demostrativo do movemento da conta bancaria e o seu saldo.

En calquera momento a Intervención poderá solicitar estados de situación das mencionadas contas con carácter extraordinario e referidos a datas concretas.

6.- **Xustificación.** Os diversos Centros seguirán remitindo con periodicidade mensual as contas de gastos do período como viña efectuando até o momento, achegando o sinalado na norma 5ª.

Ditas contas seguirán a súa tramitación ordinaria, dando lugar ás correspondentes ordes de pago polas cantidades a que ascende cada un dos conceptos, ingresándose o importe total da conta corrente de Anticipo de Caixa Fixa. Desta forma repóranse os fondos gastados no período ao que se circunscribe a conta mensual.

Os gastos efectuados con cargo a fondos librados como anticipos de Caixa Fixa, de conformidade ás presentes normas, non estarán sometidos a intervención previa nos termos sinalados polo artigo 219.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sempre que o seu importe sexa inferior a 3.005,06 Euros ou se trate de indemnizacións por razón do servizo. Noutro caso requírese o informe previo de Fiscalización.

Para o seu seguimento contable estarase ao disposto nas Regras 34 e seguintes da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local(Orde HAP/1781/2013).

7ª) **Contabilidade e control.** Para o seu seguimento contable estarase ao disposto na Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (Orde HAP/1781/2013).

BASE 27ª. GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL.

Son gastos de carácter plurianual os que estenden os seus efectos económicos a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen e comprometan.

A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos.

Ditos gastos estarán sometidos ás limitacións establecidas nos artigos 174 do TRLRFL, e 79 a 88 do Decreto 500/1990, de 20 de abril.

No caso de investimentos e transferencias de correntes e de capital, o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros non poderá exceder da contía que resulte de aplicar as porcentaxes que se sinalan no parágrafo seguinte ao importe que se obtén despois de efectuar sobre o crédito inicial da aplicación orzamentaria de imputación as seguintes operacións:

- Dedución do importe dos compromisos de gastos plurianuais adquiridos en exercicios anteriores, na parte imputable ao exercicio corrente.
- Incrementos derivados de Modificacións de Crédito tramitadas no exercicio.
- Minoracións por baixas ocasionadas por anulacións de créditos ou por transferencias a outras aplicacións.

As porcentaxes expresadas no apartado anterior serán: para o exercicio inmediato seguinte o 70 por 100, para o 2º exercicio o 60 por 100, e no 3º e 4º exercicios o 50 por 100.

Con independencia do anterior, para os programas e proxectos de investimento que taxativamente se especifiquen nas bases de execución do orzamento, poderán adquirirse compromisos de gastos que se estenden a exercicios futuros até o importe que para cada unha das anualidades se determine.

Poderán adquirirse compromisos para exercicios futuros superior aos límites fixados de acordo cos importes fixados no anexo de investimentos para os seguintes proxectos: EDUSI-Impulsa-Ames, e Proxecto IDAE de Mellora de substitución de luminarias no rural, nestes dous proxectos ampliáanse as anualidades e os porcentaxes recollidos no apartado anterior ata que se finalicen os mesmos.

En casos excepcionais o Pleno da corporación poderá ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes antes indicadas.

Os compromisos de gasto de carácter plurianual deberán ser obxecto de adecuada e independente contabilización.

BASE 28ª.- MODIFICACIÓNS DO ANEXO DE INVESTIMENTOS.

A realización de actuacións non previstas inicialmente no Anexo de Investimentos, ou a execución de actuacións por un importe superior ao inicialmente contemplado, cando sexan levadas a cabo en detrimento doutro proxecto dos previstos "ab initio" no citado Anexo, non requirirá da aplicación das normas previstas para a aprobación do orzamento xeral, tampouco será necesario a modificación do anexo de investimentos, sempre e cando se trate de actuacións vinculadas a investimentos ordinarios dos servizos, sempre e cando o crédito fixado de inicio resultase insuficiente e se xustifique no expediente que se trata de un imprevisto, urgente e inaprazabilidade. E sempre que o capítulo 6 se atope aberto por vinculación xurídica.

CAPÍTULO 2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS.

BASE 29ª. RECOÑECEMENTO DE DEREITOS.

Procederá o recoñecemento de dereitos en canto se teña coñecemento formal da existencia dunha liquidación a favor do Concello.

A estes efectos, procederáse á súa aprobación e, simultaneamente, ao seu asento na contabilidade, de conformidade coas seguintes regras:

1. Nas liquidacións de contraído previo e ingreso directo, contabilizarase o recoñecemento do dereito cando se aprobe a liquidación de que se trate.
2. Nas liquidacións de contraído previo e ingreso por recibo, contabilizarase no momento da aprobación do censo.
3. Nas autoliquidacións e ingresos sen contraído previo, cando se presenten e se ingrese o seu importe.
4. No suposto de subvencións ou transferencias a percibir doutras Administracións, Entidades ou particulares, condicionadas ao cumprimento de determinados requisitos, contabilizarase o dereito no momento de recepción polo Concello dos fondos comprometidos polo ente subvencionador.
5. A participación en Tributos do Estado contabilizarase mensualmente, recoñecendo o dereito no momento no que se comuniquen as liquidacións por parte do Ministerio de Economía.
6. Nos préstamos concertados, a medida que teñan lugar as sucesivas disposicións contabilizarase o recoñecemento de dereitos e o cobro das cantidades correspondentes.
7. Nos supostos de intereses e outras rendas, o recoñecemento do dereito orixinarase no momento do devedor.

BASE 30ª. CONTROL DA RECADACIÓN.

O control da Recadación corresponde á Tesourería, que deberá establecer o procedemento para verificar a aplicación da normativa vixente en materia recadatoria, así como o recuento de valores.

BASE 31ª. CONTABILIZACIÓN DOS COBROS.

En tanto non se coñeza a aplicación orzamentaria dos ingresos procedentes da recadación, contabilizaranse como ingresos pendentes de aplicación, integrándose na caixa única dende o mesmo momento en que se produzan.

Os restantes ingresos aplicaranse directamente ao concepto orzamentario que proceda.

A medida que vaian dispoñendo da correspondente documentación, os departamentos municipais que xestionen subvencións solicitadas a terceiros deberán achegar á intervención a seguinte documentación:

- a. Acordo polo que se solicite a achega, xunto cas bases reguladoras da mesma (ou convenio subvencionador, no seu caso).
- b. Resolución de concesión ou denegación.
- c. Acordo de aprobación da xustificación por parte do órgano municipal competente.
- d. No seu caso, comunicacións posteriores polas que se minore o importe da achega inicialmente concedida

Os departamentos que xestionen as actividades ou investimentos financiados deberán levar un control detallado dos gastos efectuados con cargo a cada achegas, sendo responsabilidade dos mesmos a formación en tempo e forma da correspondente conta xustificativa, co fin de que poda ser rendida ante o ente subvencionador dentro do prazo establecido a tal efecto.

CAPÍTULO 3. DA TESOURERÍA.

BASE 32ª. PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS DA TESOURERÍA.

Corresponderá á Tesourería a elaboración do plan de disposición de fondos da tesourería, correspondendo a súa aprobación á Alcaldía.

A xestión dos fondos líquidos levarase a cabo co criterio de obtención da máxima rendibilidade, asegurando, en todo caso, a inmediata liquidez para o cumprimento das obrigas aos seus vencementos temporais.

BASE 33ª. OPERACIÓNS DE TESOURERÍA.

De conformidade co disposto nos artigos 51 e 199 do TRLRFL, e previo informe da Intervención, o Alcalde poderá concertar operacións de tesourería para cubrir déficits temporais de liquidez.

CAPÍTULO 4. DA INTERVENCIÓN

BASE 34ª.- EJERCICIO DO CONTROL INTERNO: ÓRGANO E RÉXIME XURÍDICO.

1.- As actuacións de control interno serán realizadas polo órgano interventor.

As devanditas actuacións de control interno comprenderán o exercicio da función interventora e do control financeiro.

2.- O órgano interventor desempeñará esta función en cumprimento do disposto no artigo 92.3.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 213 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, o R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional e o R.D. 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

3.- O órgano interventor exercerá as súas funcións de control interno baixo os principios de autonomía funcional, exercicio desconcentrado e procedemento contraditorio.

4.- O órgano interventor deberá facilitar o acceso aos informes de control naqueles casos que legalmente proceda. En defecto de previsión legal ao respecto, as solicitudes de información deberán dirixirse aos servizos xestores dos correspondentes expedientes.

5.- No desenvolvemento da súa función, o órgano interventor deberá dispor dun modelo de control eficaz e, para a súa execución, facilitaráselle os medios necesarios e suficientes. Para este fin, elaborárase o Plan de control financeiro e que se dará coñecemento ao Pleno da Corporación.

6.- O órgano interventor poderá solicitar a colaboración que resulte necesaria para o exercicio das súas funcións, solicitar informes e asesoramento, revisar os sistemas informáticos e dispor de asistencia xurídica. Toda persoa natural ou xurídica, pública ou privada, estará obrigada a proporcionar, logo do requirimento previo do órgano interventor, toda clase de datos, informes ou antecedentes deducidos das súas relacións económicas, profesionais ou financeiras con outras persoas con transcendencia para as actuacións de control.

7.- O órgano interventor dará conta aos órganos de xestión controlados dos resultados máis relevantes das comprobacións efectuadas e recomendará as actuacións que resulten aconsellables, mediante a emisión dun informe-resumo de actuacións. O devandito informe

será remitido ao Pleno, a través da alcaldía que á vista deste informe, a formalizará un plan de acción, no que se determinen as medidas para corrixir as debilidades, deficiencias e incumprimentos.

8.- Para os efectos establecidos no artigo 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo, 2/2004 do 5 de marzo, a Intervención Xeral elevará o seu informe, sobre resolución de discrepancias, ao Pleno como un punto independente na orde do día e incluírao como parte integrante do expediente que contén a Conta Xeral, xunto co informe xustificativo da alcaldía.

BASE 35ª. EXERCICIO DA FUNCIÓN FISCALIZADORA.

A función fiscalizadora será desempeñada pola Intervención de Fondos.

O Interventor/a de Fondos desempeñará esa función, en cumprimento do disposto no artigo 92.3.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 213 e seguintes do TRLRFL, R.D. e o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local.

BASE 36ª.- ALCANCE DA FISCALIZACIÓN DE GASTOS E INGRESOS.

PRIMEIRO.- De conformidade co disposto no artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o Real Decreto Lei 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, establécese neste Concello o sistema de fiscalización previa limitada co seguinte alcance:

A) Propostas de gastos en xeral. Puntos que deberán constar nos expedientes:

- Existencia de crédito orzamento e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer.
- Nos casos en que se trate de contraer compromisos de gasto de carácter plurianual ou no seu caso, de tramitación anticipada de gastos, comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais. Ademais, en caso de financiamento afectado, verificarase a firmeza do compromiso de financiamento.
- Efectividade dos recursos que financian o gasto.
- Que nas obrigas ou gastos propoñase ao órgano competente para a aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obriga.
- A competencia do órgano de contratación e en xeral, do que dite o acto administrativo, cando o citado órgano non teña atribuída a facultade de aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obriga de que se trate.
- Que os expedientes de compromisos de gasto, responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente.
- Que nos expedientes de recoñecemento de obrigas, responden a gastos aprobados e comprometidos e, no seu caso, fiscalizados favorablemente.
- En caso de que haxa designación de interventor para a comprobación material dun investimento, que se realizara a citada comprobación con carácter favorable (sen prexuízo do segundo parágrafo do artigo 198.2 da LCSP e non chegara o momento de efectual).
- Que existe informe-proposta do servizo xestor do gasto xustificativo da necesidade do gasto e idoneidade do obxecto.
- Que se emitiron os informes preceptivos que en cada caso procedan.

B) Para todo expediente haberán de efectuarse, no seu caso, ademais das comprobacións que se determinan nos apartados anteriores, as que a continuación se sinalan:

- Cando dos informes preceptivos, aos que se fai referencia nos diferentes apartados, se deducise que omitiron requisitos ou trámites que sexan esenciais ou que a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos, procederase ao exame exhaustivo do documento ou documentos obxecto do informe e se, a xuízo do interventor, se dan as mencionadas circunstancias, haberá de actuar conforme ao preceptuado no artigo 215 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Nos expedientes de recoñecemento de obrigas deberá comprobarse que responden a gastos aprobados e fiscalizados ou a sentenzas xudiciais firmes

Este tres extremos serán obxecto de fiscalización en toda clase de expedientes sobre propostas de gastos en xeral, sen prexuízo dos que a continuación se detallan en función da distinta natureza dos expedientes.

C) Outros extremos obxecto de fiscalización:

C.1.	Nas nóminas de retribucións do persoal ao servizo deste concello, os extremos adicionais serán os seguintes:
-------------	---

a) Que as nóminas estean asinadas polo técnico/a responsable de Recursos Humanos e que propoñen para a súa autorización polo órgano competente.

b) No caso das de carácter ordinario, comprobación aritmética, que se realizará efectuando o cadre do total da nómina co que resulte do mes anterior máis a suma alxébrica das variacións incluídas na nómina do mes de que se trate (parte de variacións).

O parte de variacións, no seu caso, deberá incorporar copia dos acordos de nomeamento de persoal (eventual, laboral ou funcionario), recoñecemento de trienios, ou calquera outro que supoña un maior custe para o Concello.

C.2.	Proposta contratación persoal laboral fixo:
-------------	--

- Que os postos a cubrir figuran detallados nas respectivas relacións ou catálogos de postos de traballo e están vacantes.
- Ser cuberto o requisito de publicidade das correspondentes convocatorias no B.O.E., nos termos establecidos na normativa que en cada caso resulte de aplicación.
- Acreditación dos resultados do proceso selectivo expedida polo Servizo de Recursos Humanos.
- Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente.
- Que as retribucións que se sinalen no contrato se axusten ao Convenio Colectivo que resulte de aplicación.

C.3.-	Proposta contratación Persoal laboral temporal:
--------------	--

- Acreditación dos resultados do proceso selectivo expedida polo Servizo de Recursos Humanos.
- Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente e que se respectou a relación priorizada do persoal seleccionado.
- No suposto de contratación de persoal con cargo aos créditos de investimentos, verificarase a existencia do informe do Servizo de Recursos Humanos, sobre a modalidade de contratación temporal utilizada e sobre a observancia, nas cláusulas do contrato, dos requisitos e formalidades esixidos pola lexislación laboral.
- Que as retribucións que se sinalen no contrato se axusten ao Convenio Colectivo que resulte de aplicación

C.4.-	Proposta concesión subvenciones en réxime de concorrencia competitiva:
--------------	---

Aprobación do gasto:

- a. Existencia de bases reguladoras da concesión de subvencións.
- b. Aprobación e publicidade das bases.
- c. Bases axustadas ás previsións contidas na Lei 38/2003, xeneral de subvencións, no Regulamento de desenvolvemento da devandita Lei, na Lei de subvencións de Galicia e nas normas xerais sobre subvencións recollidas nas Bases de execución do Orzamento.
- d. Adecuación do expediente ás bases aprobadas.
- e. Que na convocatoria figuran os créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e a contía total máxima das subvencións convocadas, así como, no seu caso, o establecemento dunha contía adicional máxima, en aplicación do artigo 58 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- f. Que na convocatoria figuran os criterios de valoración das solicitudes e que estes son conformes cos establecidos nas correspondentes bases reguladoras.
- g. Cando se trate de expedientes de aprobación de gasto pola contía adicional do artigo 58 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, unha vez obtida o financiamento adicional, verificarase como extremo adicional que non se supera o importe establecido na convocatoria.

Compromiso do gasto:

- Que existe o informe do órgano colexiado correspondente sobre a avaliación das solicitudes.
- Que existe o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra na súa poder despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.
- Que a proposta de resolución do procedemento expresa o solicitante ou a relación de solicitantes aos que se vai a conceder a subvención, a súa contía, o coeficiente de financiamento e o orzamento subvencionado.

Recoñecemento de obrigas:

- a. Que existen os xustificantes esixidos nas Bases da Convocatoria que acrediten a correcta aplicación da subvención á súa finalidade.
- b. Que a xustificación se produza dentro de prazo.
- c. Para aquelas subvencións nas que a súa normativa reguladora prevea que os beneficiarios han de achegar garantías, que se acredita a existencia das devanditas garantías.
- d. En caso de realizarse pagos a conta, que están previstos na normativa reguladora da subvención.
- e. Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, que o beneficiario se acha ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, co Concello coa Tesourería da Seguridade Social.
- f. Que se acompaña certificación a que se refire o artigo 88.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, expedida polo órgano encargado do seguimento da subvención.

C.5.-	Proposta concesión subvenciones nominativas:
--------------	---

Aprobación e compromiso do gasto:

- 1.- Que a concesión directa da subvención se amparase nalguna das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.
- 2.- Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, que o beneficiario se acha ao corrente de obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non está incurso nas prohibicións para obter a dita condición, previstas no apartado 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais normas de aplicación.
- 3.- Si o expediente se instrumenta a través dun convenio, ademais de verificar o establecido con carácter xeral no punto anterior, deberá comprobarse, con carácter previo á súa subscripción, os extremos referidos no apartado das presentes bases dedicado aos Convenios de Colaboración.

Recoñecemento de obrigas:

Comprobaranse os mesmos extremos previstos no apartado relativo ao recoñecemento da obriga das subvencións non nominativas.

C.6.	Propostas de indemnización de danos e prexuzos por responsabilidade de carácter extracontractual:
-------------	--

- a. Informe do Servizo cuxo funcionamento ocasione a presunta lesión indemnizable.
- b. Valoración pericial.
- c. Informe dos Servizos Xurídicos.

C.7.	Contratos menores.
-------------	---------------------------

Os puntos de Fiscalización das Propostas de Gasto relativas aos Contratos Menores, serán os seguintes:

- 1.- Informe do órgano de contratación sobre a necesidade do contrato.
 - Denominación e obxecto do contrato.
 - Características do contrato.
 - Orzamento de licitación.
 - Prazo de execución.
 - Criterios de valoración de ofertas e documentación.
 - Declaración do responsable de que non existe alteración do obxecto para evitar regras de contratación
 - Declaración de que non se superan os límites do contrato menor do artigo 118 da LCSP.
 - Ofertas cursadas.
 - Proposta de adxudicación motivada.
- 2.- Con carácter particular nos contratos de obras comprobarase:
 - Existe orzamento ou proxecto.
 - Informe oficina supervisión (ou equivalente) no caso de afectación á estabilidade, estanquidade ou seguridade.

3.- Declaración responsable dos licitadores de non estar incurso en prohibición de contratar e de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e de seguridade social.

4.- Resolución de adxudicación por parte do Servizo de Contratación que deberá conter:

- Nome ou razón social do adxudicatario.

- CIF/NIF

- Domicilio social.

- Obxecto do contrato.

- Dereitos e deberes das partes.

- Prezo.

- Forma de pago.

- Prazo de execución.

C8.	Contratos de obra nova e de proxectos modificados:
------------	---

Aprobación do Gasto:

1.- Que no seu caso consta documento contable RC.

2.- Informe da secretaría sobre o procedemento a seguir e sobre o contido dos pregos.

3.- Proxecto informado polos servizos técnicos correspondentes e/ou supervisión técnica do proxecto pola Oficina de Supervisión de Proxectos, se procede. Cando non figure por non esixirse por razón da contía, que ao expediente se incorpore pronunciamiento expreso de que as obras non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

4.- Aprobación do proxecto ou anteprojecto (no caso de contratación conxunta proxecto e obra) polo órgano de contratación ou ben que na proposta de acordo remitida se inclúe a súa aprobación.

5.- Informe de avaliación impacto económico-financieiro: Incidencia das "repercusións e efectos" en exercicios futuros (incluíndo proxeccións de gasto e ingreso non financeiro que poidan incidir no obxectivo de estabilidade): Disp. Adic. 3.3 LCSP.

6.- Estudio básico de seguridade e saúde.

7.- Que exista acta de replanteo previo, asinada pola xefatura do Servizo correspondente e, no seu caso, dispoñibilidade das licenzas preceptivas.

8.- No caso de consultas preliminares:

- Adecuación ao procedemento.
- Existencia de informe.

9.- Contratos mixtos: xustificación vinculación e/ou complementariedade prestacións.

10.- Prego de cláusulas administrativas particulares:

- Procedemento licitación: xustificación e adecuación cando non sexa o aberto ou restrinxido. No caso de procedemento supersimplificado: O Valor estimado é inferior aos 80.000 euros.
- Clasificación: xustificación.
- Regulación harmonizada (art. 19 e 20):
- Admisibilidade de variantes: se se admiten, cumprimento requisitos art. 142 LCSP

11.- Prazos de presentación de ofertas :

- Xustificación da suficiencia en función da complexidade: Respecto dos prazos mínimos legais procedementos abertos, dende o anuncio de licitación no perfil contratante: mínimos 26 días e no caso de regulación harmonizada mínimo 35 días. No caso de procedemento supersimplificado: o prazo de presentación de proposicións non é inferior a 10 días desde a publicación no perfil. No caso de procedemento simplificado o prazo de presentación de proposicións non será inferior a 15 días desde a publicación no perfil
- Tramitación de urxencia: cumprimento requisitos art. 119.2. Necesidade inaprazable ou razóns de interese público - Motivación declaración de urxencia - Verificar se esixe incidencia na redución de prazos - Prazo de inicio da execución dende a formalización < 1 mes

12.- Criterios de solvencia: xustificación e proporcionalidade. No caso de procedemento supersimplificado que se exímese a súa acreditación. No caso de procedemento simplificado a acreditación da solvencia económica financeira, técnica e/ou profesional mediante declaración responsable

13.- Obxecto:

- Que é determinado e preciso
- Os criterios sociais e ambientais están relacionados co obxecto
- Idoneidade segundo as necesidades que se han satisfacer
- División en lotes ou xustificación da súa inexistencia
- Previsión penalidades por incumprimento ou cumprimento defectuoso

14.- Condiciones especiais de execución das establecidas no artigo 202 LCSP: xustificación. E que se recolle a obriga do adxudicatario de cumprir coas condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio Colectivo de Aplicación.

15.- Criterios de selección: adecuación legalidade criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato; e que cando se utilice un único criterio este sexa relacionado cos custos.

- Vinculación ao obxecto do contrato.
- Se é criterio único, relacionado con custos (prezo ou rendibilidade custo ciclo de vida)
- Se é criterio único o prezo, verificación de que sexa o do prezo máis baixo
- No caso de pluralidade, relación calidade-prezo, con arranxo a criterios económicos e cualitativos
- No caso da utilización de varios criterios ou dun único criterio distinto do prezo, que se establecen os parámetros obxectivos para identificación de ofertas anormalmente baixas
- Consideracións ambientais e/ou sociais.
- Outros criterios cualitativos.
- No caso de xuízo de valor, que o PCAP recolla que a documentación relativa a eses criterios ten que presentarse en Arquivo electrónico independente do resto da proposición.
- Melloras

- Xustificación elección fórmulas
- Si criterios non automáticos > criterios automáticos comprobar si é necesaria a determinación de comité de expertos
- No caso de procedemento supersimplificado que os criterios de adjudicación son criterios matemáticos e no caso de procedemento simplificado que os criterios de adjudicación son criterios matemáticos e se non matemáticos son matemáticos adecúanse ao máximo 25% fixado na LCSP.

16.- Que se establecen os criterios de desempate

17.- Ofertas anormalmente baixas en caso de varios criterios de selección o único distinto de prezo: O PCAP recolle parámetros obxectivos para a súa identificación

18.- Prezo certo, xustificación prezo base de licitación

- Que conste o valor estimado
- Determinación e especificación do IVE
- Se inclúen % de gastos xerais e % de beneficio industrial asumibles
- Estudo económico (proxecto) : adecuación a prezos de mercado
- Oferta integradora (lotes) : cúmprense os requisitos
- Desagregamento custos directos, indirectos e eventuais
- Fórmula de revisión de selo caso
- No caso de prezos provisionais, que se cumpren os requisitos do art. 102.7

19.- Aboamentos a conta (art. 240.2 LCSP): Operacións preparatorias e acumulación, verificándose os seguintes aspectos:

- Condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas
- Límites e réxime establecidos regulamentariamente
- Aseguramento mediante prestación de garantías

20.- Modificación segundo art. 204 LCSP: Verificaranse os seguintes aspectos

- Determinación e especificación do IVE
- A porcentaxe prevista non supera o 20% do prezo inicial
- Non supón o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato

21.- Prazo de execución: verificarase o cumprimento do prazo de execución

22.- Previsión penalidades

- Incumplimento ou cumprimento defectuoso
 - i. Cada unha <10%prezo IVE excluído
 - ii. En global máximo 50% prezo contrato
- Demora
 - iii. Complementarias á lei. Xustificación

23.- Garantías: verificar que a garantía se refire a calquera das formulas previstas na LCSP(efectivo ou valores de débeda pública, aval ou seguro de caución).

- Provisional, no caso de esixencia: Xustificación Interese publico e como máximo o 3% Base sen IVE
- Definitiva: o importe máximo será do 5% oferta final sen IVE
- Complementaria: o importe máximo será do 5% oferta final sen IVE e deberá quedar xustificado o risco ou anormalidade

24.- Verificación previsión pregos

- Cesión contrato agás art. 214.1
- Condicións especiais de execución: verificación existencia de polo menos unha das contidas no artigo 202.2 LCSP
- Consideracións laborais, sociais e medioambientais (criterios de solvencia, adjudicación e/ou condicións especiais de execución)
- Obrigación adjudicatario cumprimento obrigas salariais segundo convenio colectivo sectorial de aplicación
- Previsión penalidades por incumplimento ou cumprimento defectuoso

25.- Cando se propoña como procedemento de adjudicación un procedemento con negociación, comprobar que concorre algún dos supostos previstos nos artigos 167 ou 168 da Lei de Contratos do Sector Público para utilizar o devandito procedemento. Debe comprobarse que se recollan os criterios de adjudicación e os susceptibles de negociación.

26.- Cando se propoña como procedemento de adjudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 167 da Lei de Contratos do Sector Público; e, no caso de que se recoñezan primas ou compensacións aos participantes, que no documento descritivo fíxase a contía das mesmas e que consta a correspondente retención de crédito.

27.- Cando se recolla no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da poxa electrónica, verificar que os criterios de adjudicación a que se refire a mesma baséense en modificacións referidas ao prezo e, no seu caso, a requisitos cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.

28.- No caso de procedementos restrinxidos que se cumpren cos supostos de aplicación, que consten os requisitos mínimos do procedemento.

29.- No caso de tramitación urgente: que se dean supostos de necesidades inaprazables ou razóns de interese público motivados.

Compromiso do gasto- Adjudicación

1.- Contabilización da fase anterior do gasto e informe de fiscalización previa.

2.- Que consta anuncio de licitación

- 3.- Relación certificada de proposicións presentadas
- 4.- Verificación de cumprimento de prazos na presentación das proposicións
- 5.- Que se acredita que o licitador que se propón como adxudicatario presentou a documentación xustificativa das circunstancias a que se refiren as letras a) a c) do artigo 140.1 da Lei de Contratos do Sector Público que procedan, incluíndo no seu caso a daqueloutras empresas a cuxas capacidades se recorra; ou ben, que se acredita a verificación dalgunha ou todas esas circunstancias mediante certificado do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou da correspondente base de datos nacional dun Estado membro da Unión Europea, coas dúas seguintes excepcións, no procedemento aberto simplificado tramitado conforme ao artigo 159.4 da devandita Lei, no que só se examinará que se achegou o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da Lei e no procedemento abreviado tramitado conforme ao artigo 159.6 da Lei cando se constituíu a Mesa, no que non procederá a aplicación deste extremo.
- 6.- Que de selo caso se acredita a constitución de garantía provisional.
- 7.- Que se acredita a constitución da garantía definitiva, salvo no caso previsto no artigo 159.6 da Lei de Contratos do Sector Público.
- 8.- Acreditación pola empresa á que clasificou de que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 9.- Cualificación documentación Mesa Contratación (procedemento art. 157)
- 10.- Existencia de informes técnicos no caso de criterios de xuízo de valor
- 11.- Cando se declare a existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, que existe constancia da solicitude da información aos licitadores supostamente comprendidos nelas e do informe do servizo técnico correspondente.
- 12.- Cando se utilice o procedemento negociado, que existe constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas polo órgano de contratación, de conformidade co disposto na Lei de Contratos do Sector Público. Así mesmo verificarase que se publicou o anuncio de licitación correspondente nos supostos do artigo 170 da Lei de contratos do Sector Público.
- 13.- Adecuación á proposta de selección coa realizada pola Mesa ou Unidade Técnica ou, en caso contrario, decisión motivada do órgano de Contratación
- 14.- Que o proposto como licitador presentou documentación no prazo de 10 días dende o requirimento:
- Constitución da sociedade, obxecto social, clasificación ou requisitos de solvencia económica e técnica, capacidade de contratar, correo de notificación.
 - Acreditación efectiva e disposición medios que se lle houberen esixido
 - Garantía definitiva 5% prezo final sen IVE, agás suposto do artigo 159.6 LCSP (proced. aberto simplificado en obras valor estimado obras <80.000 e servizos e subministracións < 35.000 agás prestacións de carácter intelectual)
 - Garantía complementaria (de ser o caso) 5% do prezo final sen IVE
 - Procedemento supersimplificado (non se esixe garantía definitiva)
 - Acreditación de que está ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT e Seguridade Social e coa Concello
- 15.- No caso de non presentar a documentación requirida: esixencia importe 3% da base de licitación sen IVE, en concepto de penalidade e requirimento de documentación ao licitador seguinte
- 16.- No caso de desistencia ou proposta de non adxudicación, que consta o informe xustificativo de razóns de interese público (art. 152)
- 17.- Cumprimento de prazos na proposta de adxudicación
- Criterio único prezo: Máximo 15 días dende a apertura das proposicións
 - Varios criterios ou único criterio menor custo ciclo da vida: Máximo 2 meses
- 18.- Cando se propoña a celebración dun contrato con prezos provisionais de conformidade co artigo 102.7 da Lei de Contratos do Sector Público, que se detallan na proposta de adxudicación os extremos contidos nas letras a), b) e c) do citado precepto.
- 19.- No seu caso, que se acompaña certificado do órgano de contratación que acredite que non se interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou dos recursos interpostos, ou ben, certificado de non acordarse medida cautelar que suspenda o procedemento. No caso de que se interpuxo recurso contra a adxudicación, deberá comprobarse igualmente que recaeu resolución expresa do órgano que ha de resolver o recurso, xa sexa desestimando o recurso ou recursos interpostos, ou acordando o levantamento da suspensión ou da medida cautelar.

Formalización:

- Que consta acompañase certificado do órgano de Contratación de inexistencia de recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou certificado de non acordo de medida cautelar que suspenda o procedemento
- No caso de recurso contra a adxudicación, que recaeu resolución expresa, xa sexa de desestimación ou de levantamento da suspensión ou da medida cautelar
- Anuncio da resolución de adxudicación no perfil do contratante (prazo de 15 días)

Modificados:

1. Modificacións previstas nos pregos:

a) Modificados art. 204 LCSP:

- a.1) Posibilidade de modificación está prevista nos pregos
- a.2) O importe non supera os límites previstos nos pregos
- a.3) Non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato

b) Informe técnico xustificativo

c) Proxecto técnico, informado polo Servizo Técnico, con especial referencia á existencia de pronunciamiento expreso de que as obras non afectan á estabilidade, estanquidade e seguridade da obra

d) Informe xurídico da Secretaría Xeral/Asesoría Xurídica

e) Acta de replanteo, de ser o caso

f) Actualización de garantía definitiva, de ser o caso, e adicionais

2. Obras complementarias ou accesorias, prestacións adicionais, modificacións non previstas nos pregos ou modificacións non substanciais:

a) Soporte legal, cando non exista previsión nos pregos

- a.1) Informe xustificativo da necesidade e natureza imprescindible ("variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a fai necesaria")
- a.2) Cumprimento de supostos art. 205.2
- a.3) Procedemento

- a.4) Non supón modificación de prezos unitarios
- a.5) Máximo 50% prezo inicial, IVE excluído
- b) Acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente
- c) Informe técnico xustificativo
- d) Proxecto técnico, informado polo Servizo Técnico
- f) Informe xurídico da Secretaría Xeral
- g) Acta de replanteo, de ser o caso
- h) Actualización da garantía definitiva, de ser o caso

Revisións de prezos:

- o Acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente
- o Verificación do cumprimento de requisitos artigo 103.5 LCSP
- 1. Execución do contrato, polo menos nunha porcentaxe do 20% do seu importe
- 2. Transcurso de 2 anos dende a formalización
- 3. Excepcións
 - Contrato de subministración de enerxía
 - Contrato de concesión de servizos: non será aplicable o requisito da execución do contrato nunha porcentaxe do 20%
- o Verificación de que o PCAP recolle a fórmula de revisión aplicable e que se aplica de conformidade
- o No caso de existencia de fórmula tipo, verificarase que nos PCAP non se inclúe outra diferente

Recoñecemento da obriga:

1. Certificacións ordinarias

- a) Formalización de contrato
 - a.1) No caso de recurso especial en materia de contratación, non antes de 15 días dende a notificación
 - a.2) No caso de imposibilidade de recurso especial en materia de contratación, non máis tarde dos 15 días dende a notificación
 - a.3) No caso de non formalización por causa imputable ao contratista seleccionado en primeiro lugar, 3% da base de licitación sen IVE, en concepto de penalidade
 - b) Anuncio de formalización, verificación dos cumprimentos dos prazos e:
 - b.1) Perfil contratante: formalización e contrato
 - b.2) Requisitos mínimos anuncio segundo anexo III LCSP.
 - b.3) No caso de imposibilidade de recurso especial en materia de contratación
 - c) Constitución aval ou garantía definitiva e a súa contabilización
 - d) Que existe certificación autorizada pola Dirección de Obra, contratista adxudicatario e servizos xestores do gasto(deberá nomearse a un representante do órgano xestor en cada un dos contratos que preferentemente será un técnico/a municipal).
 - e) Acta de comprobación do replanteo e cumprimento do prazo ou xustificación do incumprimento
 - f) Cumprimento do prazo de execución:
 - f.1) Cumprimento do prazo execución
 - f.2) Incumprimento do prazo de execución
 - Causa non imputable ao adxudicatario; informe técnico da dirección de obra
 - Causa imputable ao adxudicatario; informe técnico e apertura de expediente de imposición de penalidades por mora
 - g) Conformidade da dirección técnica e responsable municipal do contrato á relación valorada de detalle relativa á comprobación das unidades de obra e prezos unitarios según proxecto adxudicado.
 - h) Contabilización da fase anterior do gasto
 - i) Fiscalización da fase previa
 - j) Acta de recepción das obras (certificación final)
 - k) Informe das partidas incrementadas (polo menos na última certificación) ou reducidas e que non superan o 10% previsto na LCSP polo que non supoñen unha variación substancial
- O Remanente de Tesouraría estará integrado polos dereitos pendentes de cobro, obrigas pendentes de pagamento e os fondos líquidos, todos eles referidos ao 31 de decembro do exercicio. Dos dereitos pendentes de cobro deduciranse os que teñan a consideración de dereitos de difícil ou imposible recadación. A tal efecto, terán a consideración de dereitos de difícil ou imposible recadación, sen que tal consideración implique a súa anulación ou baixa en contabilidade, os que resulten de aplicar as seguintes porcentaxes:

Antigüidade dos dereitos	Minoración.
Un ano de antigüidade (dereitos do ano anterior a aquel que se liquida).	30 %
Dous anos de antigüidade.	50 %
Tres anos de antigüidade.	75 %
Catro e máis anos de antigüidade.	100 %

TÍTULO IV. GASTOS DE PERSOAL

BASE 40ª.- ANTICIPOS REINTEGRABLES A FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL

1.- Concederanse anticipos reintegrables aos funcionarios conforme ao establecido no Real decreto lei 2608/1929, de 19 de decembro; e no caso do persoal laboral, conforme ao sinalado no artigo 53 do vixente Convenio Colectivo do persoal laboral.

2.- Á extinción ou suspensión da relación de servizo co Concello virá obrigado o persoal afectado, ao reintegro do importe pendente de reembolso nos prazos e co procedemento establecido con carácter xeral para outros ingresos de dereito público, mediante Resolución da Alcaldía.

3.- Aos efectos indicados no parágrafo anterior non se considerarán suspensión da relación estatutaria ou laboral, os permisos ou licenzas legalmente establecidas ou as situacións de incapacidade laboral transitoria. Durante a vixencia de tales situacións temporais, o persoal funcionario ou laboral incurso nas mesmas que tivese anticipos pendentes de reembolso e non perciba retribucións do Concello, efectuará os reintegros correspondentes por mensualidades, nas datas inicialmente determinadas, realizándose o ingreso directamente na Tesouraría Municipal.

BASE 41ª. INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Os cargos electos deste concello recibirán as retribucións conforme ó vixente acordo plenario regulador destas de 2 de xullo de 2019, ou acordo posterior que o substitúa.

En conformidade co establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 225 da Lei 5/1997, de Réxime Local de Galicia e segundo o artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais vixente, os membros electos da corporación percibirán durante o exercicio de 2020 unha indemnización de 200 € por preparación de asuntos e asistencia a sesións do pleno, e 100€ por cada xunta de goberno, e 50€ por comisións informativas das que formen parte. No caso de que se celebre mais de unha sesión no mesmo día tanto no caso de plenos, como Xuntas de Goberno ou comisións informativas soamente se percibirá unha única asistencia.

Os cargos con dedicación exclusiva ou parcial non percibirán ningún tipo de indemnización por asistencias, de acordo co previsto no artigo 13 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En materia de indemnizacións por comisión de servizos rexerá o Real Decreto 462/02, de 24 de maio, e disposicións de desenvolvemento ou normas de carácter xeral que as substitúan, coas seguintes particularidades:

1. Por aloxamento e gastos de viaxe en medios de transporte público, así como por manutención aboarse o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente, cos límites sinalados para o grupo 1 dos anexos II e III do citado Real Decreto. Cando a comisión de servizos de cargos electos inclúa tamén a funcionarios de carreira, persoal laboral ou eventuais, aplicaranse a todos eles o réxime de indemnizacións establecido para os cargos electos. No resto dos casos, estes percibirán o importe efectivamente acreditado documentalmente, co límite sinalado no citado Real Decreto para o grupo en que resulten encadrables.

TÍTULO 5. SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLO CONCELLO.

CAPÍTULO 1. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

BASE 42ª. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

As presentes normas serán de aplicación a toda clase de axudas e subvencións cuxa xestión corresponda na súa totalidade ao Concello de Ames.

Entenderase por axuda e subvención toda disposición gratuíta de fondos municipais que se outorgue con cargo ao Orzamento Xeral do Concello a favor de persoas ou entidades públicas ou privadas, para fomentar unha actividade de utilidade ou interese social ou para promover a consecución dun fin público ou que, en xeral, contribúan ao desenvolvemento dos intereses peculiares do municipio.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación destas normas:

1. Os premios que se outorguen sen previa solicitude de beneficiario.
2. As subvencións destinadas á cooperación internacional ao desenvolvemento regularanse polas normas específicas que resulten de aplicación, de conformidade co establecido na Disposición adicional décima da Lei xeral de subvencións e na Disposición adicional segunda da Lei de subvencións de Galicia. As presentes bases terán, en consecuencia, carácter supletorio na súa aplicación a

esta materia. As presentes Bases terán, en consecuencia, carácter supletorio na súa aplicación a esta materia. Sendo tamén de aplicación supletoria no non previsto nas Bases da convocatoria ou no Convenio regulador destas subvencións o disposto na Resolución de 11 de marzo de 2012, da Presidencia da Axencia Española de Cooperación Internacional para o desenvolvemento, polo que se aproban as normas de seguimento e xustificación das subvencións de convocatoria aberta e permanente para actividades de cooperación ao desenvolvemento (BOE nº 80, de 4 de abril de 2011)

3. Tamén se regularán polas súas bases específicas as axudas que configuran a acción social do Concello a favor do persoal funcionario ou laboral ao seu servizo.

CAPÍTULO 2. SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS.

BASE 43ª.- SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS E TRANSFERENCIAS PARA O EJERCICIO 2020

No exercicio 2020, con arranxo ao establecido no artigo 22.2.a) da Lei Xeral de Subvencións, outorgaranse as subvencións nominativas e transferencias que seguidamente se detallan aos perceptores e polos importes máximos que se indican na presente Base.

A dotación orzamentaria ou o reflexo na presente base non supoñen compromiso de outorgamento de subvención nin comportará dereito subxectivo ningún. Para tal fin requirirase, en todo caso, a tramitación do oportuno expediente administrativo e a adopción do acordo correspondente polo órgano competente.

Para os efectos do seu trámite e réxime xurídico diferéncianse:

a- Transferencias correntes e transferencias de capital:

PARTIDA		DENOMINACIÓN	IMPORTE 2020
2311	48001	Transferencias programa Xantar na Casa	18.310,69
941	45002	Transferencia Transporte Metropolitano	134.617,48
941	46700	Transferencias Consorcio Funcionamento Galiña Azul	180.000,00
942	46200	Transferencias Convenio mantemento EDAR Calo Milladoiro	65.000,00
3343	48107	Transferencia convenio FEUGA Bolsa de Filoloxía Galega 1 ANO	9.000,00
4911	48107	Bolsa Feuga 12 meses e bolsa prácticas técnicos de radio 12 meses	18.000,00
920	48901	Transferencias a empresas e particulares por responsabilidade patrimonial	30.000,00
931	48101	Bolsa Feuga 12 meses	9.000,00
		Total	463.928,17

b- Cotas Asociacións, Fundacións

PARTIDA		DENOMINACIÓN	IMPORTE
920	48010	Cota Fegam	1.300,00
920	48011	Cota FEMP	3.000,00
2312	48019	Transferencia Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	2.000,00
311	48911	Cota FEMP Ciudades saudables	1.000,00
3343	46600	Cota Asociación de concellos pola lingua	5.000,00
432	48901	Aportacion Asoc. Camiño Fisterra	2.000,00
432	48902	Aportacion Asoc. Ruta Rosaliana	1.000,00
432	48903	Aportacion Asoc. Concellos Muros Noia	1.000,00
		Total	16.300,00

c- Subvención correntes e de capital

PARTIDA		DENOMINACIÓN	IMPORTE 2020	IMPORTE 2021
1728	48901	Subvención Plan Prevención Incendios	13.000,00	
2311	48001	Renta social municipal e axudas de emerxencia social	200.000,00	
2311	48902	Subv.familias numerosas	110.000,00	
2312	48012	Subvencións concorrencia para asociacións sen animo de lucro actividades complementarias a SS	40.000,00	
2411	48911	Axudas de custe Obradoiro InserAmes Brión	6.000,00	
3261	48004	Programa axuda libros . Convocatoria 2019/2020 en xaneiro 2020 e convocatoria 2020/2021	15.000,00	
3261	48903	Subvención ANPAS e Centros de Ensino Convocatoria 2018/2019 e 2019/2020	40.000,00	
3321	48901	Premios actividades bibliotecas	1.000,00	
3341	48101	Premios cartas Reis	500,00	
3341	48102	Premios Teatro lido	600,00	
3341	48103	Premios certame intercentros(xuventude)	424,00	
3341	48914	Subvencións culturais a entidades sen fin lucro: Convocatoria actividades 2019	30.000,00	
3341	48916	Subvencións Festas populares: Convocatoria actividades 2019	30.000,00	
3343	48103	Premios certame intercentros(Normalización)	1.000,00	
3343	48104	Premios certame literario	4.000,00	
3343	48105	Premios dinamización lingua sector económico	3.000,00	
3343	48907	Convenio RAG. Mapa sociolingüístico Anualidade 2020	3.858,00	
338	48100	Premios entroido	6.150,00	
341	48910	Subvencións entidades deportivas e clubs gastos de funcionamento 2020	75.000,00	
341	48927	Subvencións entidades deportivas e clubs gastos de escolas deportivas Plurianual	30.000,00	30.000,00
4314	47902	Subvencións Concurso escaparatismo	4.500,00	
4314	47904	Subvencións a Asociacións empresariais.Convocatoria gastos 2019-2020	40.000,00	
4314	47905	Premios gala emprendedores	7.000,00	
4314	47906	Subvención concurso de ideas empresariais	2.500,00	
912	48931	Aportación a partidos políticos	35.400,00	
		Total	698.932,00	30.000,00

d- Subvencións nominativas:

Entenderase por subvención nominativa aquela que por razóns excepcionais de interese público outórguese expresamente a unha Entidade pública ou privada para a realización dunha actividade ou un investimento concreto, específico e determinado, de interese xeral ou utilidade pública, por non resultar posible ou conveniente a aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrència, igualdade e non discriminación, por razóns de interese público expresamente recollidas nos Convenios ou Acordos de desenvolvemento da presente Base.

Durante o exercicio 2020 tramitaranse as subvencións nominativas que seguidamente se detallan a favor dos perceptores que se indican, polos importes máximos que se especifican, e aos coeficientes de financiamento máximos que tamén se expresan:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		BENEFICIARIO		OBXECTO	IMPORTE
		Cif	Nome ou razón social		
135	48920	G70536693	Agrupación de voluntarios de Protección Civil Ames	Gastos de funcionamento 2020 (especial interese financiamento 100% dos gastos)	17.000,00
341	48925	G15285851	Bertamiráns Clube de Fútbol	Gastos tempada 2019-2020	28.000,00
341	48926	G15792401	Milladoiro S.D	Gastos tempada 2018-2019	13.000,00
2312	48020	G15924558	As. Solidariedade Galega co Pobo Saharai	Programa Vacacións en Paz 2020	6.298,82
TOTAIS					64.298,82

A tramitación dos expedientes de gasto relativos ás subvencións nominativas detalladas nesta base e as que poidan reflectirse en expedientes de modificación de créditos aprobados polo Pleno e tramitados durante a vixencia do orzamento de 2020, non requirirán novo acordo do Pleno da Corporación, correspondendo a súa resolución á Alcaldía.

Con carácter xeral, os importes indicados na relación anterior non deben superar o 80 por 100 do custo da actividade ou proxecto subvencionado. Exceptúanse do disposto anteriormente as subvencións nominativas que teñen o carácter de cota de socio e aquelas nas que o Pleno, por razóns de excepcional interese público, expresamente motivadas e acreditadas, acorde o financiamento do custo total da actividade ou proxecto subvencionado. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrència con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou achegas ou recursos de entidades privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

No caso da subvención de gastos de funcionamento para a Agrupación de voluntarios/as de Protección Civil Ames, queda exceptuado límite do 80% do custo da actividade. Os gastos de funcionamento financiaranse ao 100% debido a natureza da asociación e a súa creación, xa que non conta con cotas de socios nin con outras achegas que financien os gastos de funcionamento ao depender segundo os seus estatutos do orzamento do concello de Ames.

As achegas municipais faranse efectivas logo de xustificación documental de realización de actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán atenerse ás seguintes normas:

- Requiritase a previa constitución de fianza, aval ou garantía abonda polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles xuros moratorios, agás as entidades exentas por Lei da prestación de garantías ou caucións.
- Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello, ca Axencia Estatal de Administración Tributaria, ca Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ca Administración Autonómica.
- Non será posible expedir un pagamento anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade e transcorrendo o prazo de xustificación previsto, non se achegase a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

Igualmente, resultarán de aplicación ás subvencións nominativas consideradas na presente base, distintas das cotas de socio, as seguintes normas xerais:

- Os convenios que se tramitan para a súa materialización deben conter, coa debida adecuación, os puntos contidos na base 44 das de Execución do Orzamento Municipal.
- Os expedientes que se tramitan deberán conter a proposta da Unidade na que se expresen os motivos de interese público que xustifican o outorgamento, as razóns polas que non resulta posible ou conveniente a aplicación dos principios de publicidade e concorrència, os criterios tomados en consideración para determinar o coeficiente de financiamento e a acreditación de que o beneficiario reúne todas as condicións establecidas para poder obter a subvención proposta.
- Corresponderalle ao Alcalde, logo de informe de servizos competentes, valorar o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.
- Se non se xustifica totalmente o orzamento subvencionable, pero está acreditado que a finalidade básica da subvención foi cumprida, o importe inicialmente concedido reducirase mediante a aplicación do coeficiente de financiamento sobre o importe de gasto efectivamente xustifico.
- Entenderase que a finalidade básica da subvención foi cumprida, se o gasto xustifico ascende, polo menos, ao 75 por 100 do orzamento inicialmente previsto. Se o gasto xustifico é inferior á devandita porcentaxe, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida polo que non se aboará cantidade ningunha sen prexuízo das posibles sancións ou reintegros que resulten de aplicación.
- As subvencións nominativas terán carácter anual e non xerarán ningún dereito adquirido polo perceptor para exercicios posteriores. Só en circunstancias excepcionais, e por acordo plenario debidamente motivado, de conformidade co establecido no artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderán adoptarse compromisos de gasto por subvencións nominativas de carácter plurianual, logo da acreditación de carácter plurianual de actividade ou investimento obxecto de subvención para cuxo efecto o expediente tramitado contera un programa anual en que se detallan e cuantifiquen as tarefas, actividades ou investimentos a realizar en cada exercicio orzamentario de imputación. En todo caso deberán tomar en consideración as disposicións contidas no artigo 57 do regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

BASE 44ª.- NORMAS APLICABLES ÁS SUBVENCIONES NOMINATIVAS NON INCLUIDAS EXPRESAMENTE NO ORZAMENTO INICIAL.

As subvencións nominativas non consideradas na base anterior, que poidan outorgarse durante o exercicio 2020, regularanse polas

normas singulares contidas nos convenios subscritos ao efecto ou nos acordos plenarios que as aproben e, en todo caso, ateranse ás seguintes normas comúns:

- I. Correspóndelle ao Pleno adoptar os acordos que impliquen directa ou indirectamente o outorgamento de subvencións municipais de carácter nominativo a outros entes públicos ou a entidades privadas sen ánimo de lucro, calquera que sexa a forma a través da cal se instrumenten (convenio, acordo singular, cotas de socio e outras).
- II. Para estes efectos entenderase por subvención nominativa aquela que se outorgue excepcional e motivadamente a un ente público ou a unha entidade privada sen ánimo de lucro por razóns tan singulares de interese público que non permitan ou non fagan conveniente a aplicación dos principios de publicidade e concorrència. No expediente administrativo incorporárase "unha memoria do órgano xestor das subvencións, competente por razón da materia, xustificativa do carácter singular das subvencións, das razóns que acreditan o interese público social, económico ou humanitario, ou outras que xustifican a dificultade da súa convocatoria" (artigo 67.3 a. do regulamento da Lei xeral de subvencións).
- III. O acordo de concesión ou o convenio subscrito para o efecto deberá concretar, entre outros puntos, os seguintes elementos:
 - Obxecto e finalidade concreta da subvención.
 - Indicación das razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario da actividade ou investimento subvencionado, e que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.
 - Identificación da normativa reguladora da subvención.
 - Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade a que se destina, se proceder.
 - Importe da achega municipal e a porcentaxe que represente sobre o total da actividade obxecto de fomento, no seu caso. O devandito importe non poderá superar en ningún caso o 80 por 100 do orzamento total de gastos da actividade de que se trate, a non ser que o Pleno da Corporación, por motivos excepcionais de interese público, acorde motivadamente que se financie o custo total da actividade subvencionada. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrència con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.
 - Medios mediante os que os beneficiarios haberán de dar publicidade á subvención concedida polo Concello (folletos, carteis informativos, placas conmemorativas,...) e forma de acreditar o cumprimento da obriga de información citada con motivo da xustificación da realización da actividade.
 - Forma e prazo de realización das actividades ou investimentos, forma e prazo da xustificación documental, prazo e condicións para acreditar a súa realización e consecuencias asociadas ao incumprimento total ou parcial e cada un dos prazos indicados.
 - Os beneficiarios das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias,...) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiques de aparcamento, etc.), e en todo caso para gastos non superiores a 150 €.
 - Forma e requisitos para o pagamento da subvención.
 - Posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta, así como o réxime de garantías que, se é o caso, deberán chegar os beneficiarios.
 - Infraccións no caso de incumprimento das bases e as súas correspondentes sancións.
 - Obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.
 - Sometemento do beneficiario aos procedementos de control ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.
 - Información aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións e da publicidade posterior que se dará ás subvencións outorgadas (publicidade no Boletín Oficial da Provincia, información na páxina de Internet do Concello, Base de Datos Nacional de subvencións, etc.) con arranxo ao previsto nas normas de xeral aplicación.
 - Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade.
 - Vixencia temporal.
 - Normativa a considerar sobre os aspectos non contemplados no acordo ou convenio correspondente.
- IV. Corresponderalle ao Alcalde, logo de informe de servizos competentes, valorar o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.
- V. Se non se xustifica totalmente o orzamento subvencionable, pero está acreditado que a finalidade básica da subvención foi cumprida, o importe inicialmente concedido reducirase mediante a aplicación do coeficiente de financiamento sobre o importe de gasto efectivamente xustificado.
- VI. Entenderase que a finalidade básica da subvención foi cumprida, se o gasto xustificado ascende, polo menos, ao 75 por 100 do orzamento inicialmente previsto. Se o gasto xustificado é inferior á devandita porcentaxe, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida polo que non se aboará cantidade ningunha sen prexuízo das posibles sancións ou reintegros que resulten de aplicación.
- VII. As subvencións nominativas terán carácter anual e non xerarán ningún dereito adquirido polo receptor para exercicios posteriores. Só en circunstancias excepcionais, e por acordo plenario debidamente motivado, de conformidade co establecido no artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderán adoptarse compromisos de gasto por subvencións nominativas de carácter plurianual, logo da acreditación de carácter plurianual de actividade ou investimento obxecto de subvención para cuxo efecto o expediente tramitado conterá un programa anual en que se detallen e cuantifiquen as tarefas, actividades ou investimentos a realizar en cada exercicio orzamentario de imputación. En todo caso deberán tomar en consideración as disposicións contidas no artigo 57 do regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- VIII. Non obstante o disposto nos apartados precedentes, autorízase á Alcaldía, ou ao órgano en que este delegue, a outorgar subvencións nominativas a entes públicos ou privados sen ánimo de lucro, nacionais ou estranxeiros, conforme ás condicións que seguidamente se expresan:
 1. As subvencións concedidas ao abeiro desta previsión resultarán imputables á aplicación 912.489.01 do orzamento municipal.
 2. Iniciarase de oficio ou a instancia de parte un expediente no que se acrediten as razóns de interese público, urxencia e excepcionalidade que motivan a concesión proposta e se concrete o obxecto, finalidade, forma de acreditación e forma de pagamento. O devandito expediente será obxecto de fiscalización polos Servizos da

Intervención municipal, co fin de acreditar a concorrencia das circunstancias expresadas na presente base e a existencia de crédito dispoñible e suficiente na aplicación orzamentaria de imputación.

3. O importe individual das axudas propostas non pode ser superior a 1.202,00 euros por entidade e o total das que se outorguen no exercicio non pode exceder da consignación inicial da partida indicada.

CAPÍTULO 3.SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.

BASE 45ª.- CONVOCATORIA DAS SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

- O procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva iniciárase sempre de oficio, mediante convocatoria aprobada pola Alcaldía.
- As actividades obxecto de subvención deberán de ser, en todo caso, aquelas que complementen ou suplan as competencias do Concello ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses peculiares do municipio. Co fin de asegurar que existe unha iniciativa privada que merece a acción de fomento do Concello, o importe da subvención nunca poderá superar o 80 por 100 do custo da actividade ou proxecto subvencionado.
- As subvencións que se concedan non poderán aplicarse a finalidades distintas daquelas para as que foron outorgadas. O obxecto concreto das axudas ou subvencións aprobadas só poderá modificarse logo de solicitude expresa do interesado e a través de resolución motivada do órgano competente, que deberá tomar en consideración os criterios de valoración contidos nas bases da convocatoria, o coeficiente de financiamento asignado e o importe do orzamento subvencionado.
- Poderá simultanearse a aprobación e publicación das bases e da convocatoria de subvencións municipais. En todo caso deberán publicarse ambas as dúas no Boletín Oficial da Provincia e na páxina de internet do Concello.

BASE 46ª.- BASES DAS CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.

1º. - As subvencións non nominativas outorgaranse baixo os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación e transparencia.

A aprobación das bases que regulen as convocatorias de subvencións corresponderalle á Alcaldía.

No expediente administrativo incorporárase unha memoria explicativa dos obxectivos que se pretenden conseguir e do importe global da subvención a outorgar.

As bases de convocatoria tamén poderán ser obxecto de aprobación anticipada, supeditándose a eficacia do acto da convocatoria á condición suspensiva da entrada en vigor do Orzamento municipal do exercicio correspondente, no que se conteñan os créditos axeitados e suficientes para atender as solicitudes que ao seu amparo se presenten.

De acordo co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso municipal de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada.

Unha vez aprobadas as bases serán obxecto de publicación na Base Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello.

2º. - As bases de cada convocatoria de subvencións determinarán con claridade:

- Definición precisa do obxecto da subvención.
- Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.
- Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención, prazo e forma de acreditarlos.
- Persoas físicas ou xurídicas que poden solicitar as axudas.
- Forma e prazos de solicitude, con indicación da documentación a achegar polos solicitantes. Entre a documentación a achegar, deberá figurar necesariamente unha memoria detallada na que se reflicta o conxunto de actividade desenvolvida no ano anterior, reflectindo expresamente os gastos e ingresos do exercicio.
- Indicación dos órganos competentes para a instrución, avaliación e resolución do procedemento.
- Criterios, debidamente ponderados, a utilizar para a determinación do importe absoluto das subvencións a outorgar a cada solicitante, do coeficiente de financiamento correspondente e do orzamento subvencionado. Avaliarase en todo caso, ou xustificarse motivadamente a imposibilidade de incluír devandita avaliación, o emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicite a axuda (Art. 20.2 l. da Lei de subvencións de Galicia).
- Indicación do Servizo ou unidade administrativa que actuará como instrutor do expediente, composición da Comisión Avaliadora, se é o caso, e determinación do órgano competente para resolver.
- Prazo de resolución e notificación ou publicación. A devandita resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as Bases reguladoras da subvención e deberá conter a relación de solicitantes aos que se concede a subvención, e fará constar, se é o caso, de xeito expreso, a desestimación do resto das solicitudes. En todo caso expresárase o beneficiario, o importe da subvención outorgada, o orzamento subvencionado, o coeficiente de financiamento e a finalidade ou investimento que constitúe o obxectivo concreto da subvención outorgada e demais referencias relevantes.
O vencemento do prazo máximo para resolver sen notificar a resolución, permitiralles aos interesados entender desestimada a solicitude de concesión da subvención por silencio administrativo.
- Nas bases de convocatoria expresárase tamén o medio de notificación ou publicación de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Cando estea previsto o financiamento de obras, regularase a forma en que deberá xustificarse o cumprimento da legalidade vixente en materia de ordenación urbanística, protección do medio e respecto ao patrimonio histórico-artístico, así como a acreditación da propiedade ou dereito real que se teña sobre o ben inmóbil e as condicións temporais e materiais de adscrición do ben móbil ou inmóbil á fin de interese xeral que motiva a subvención, así como a obriga da súa inscrición no rexistro público correspondente, facendo constar a devandita condición.
- Medios mediante os que os beneficiarios deberán dar publicidade á subvención concedida polo Concello (folletos, carteis informativos, placas conmemorativas,...) e forma de acreditar o cumprimento da obriga de información citada con motivo da xustificación da realización da actividade.
- Forma e prazo de realización das actividades ou investimentos, prazo e condicións para acreditar a súa realización mediante a xustificación documental oportuna e consecuencias asociadas ao incumprimento total ou parcial de cada un dos prazos indicados.
- Os beneficiarios das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse

documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias,...) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiques de aparcamento, etc.), e en todo caso para gastos non superiores a 150 €.

- o. Con independencia dos libros e rexistros contables que as normas de carácter xeral poidan establecer aos beneficiarios de subvencións provinciais como consecuencia da súa forma xurídica (Asociación, Fundación, Federación, etc...) estes deberán contar en todo caso, cun Rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúa debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade ou investimento obxecto de financiamento polo Concello de Ames, que terá os efectos previstos no artigo 17.3.*h) da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 11.f) e g) da Lei de Subvencións de Galicia.
- p. Forma e requisitos para o pagamento da subvención.
- q. Infraccións en caso de incumprimento das bases e as súas correspondentes sancións.
- r. O sometemento do beneficiario aos procedementos de control ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.
- s. No seu caso circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da Resolución.
- t. Información aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións e da publicidade posterior que se dará ás subvencións outorgadas (publicidade no Boletín Oficial da Provincia, información na páxina de Internet do Concello, Base de Datos Nacional de subvencións, etc.) con arranxo ao previsto nas normas de xeral aplicación.
- u. Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade.

BASE 47ª.- CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.

- As convocatorias de subvencións especificarán a finalidade e obxecto das mesmas, que necesariamente deberá de coincidir coa finalidade atribuída aos créditos orzamentarios que as amparen.
A finalidade das axudas determinarase expresando os propósitos xerais que se pretendan conseguir con aquela.
O obxecto das axudas determinarase expresando as actividades ás que poidan destinarse os fondos públicos concedidos co orzamento detallado de cada unha delas.
- As actividades obxecto de subvención deberán de ser, en todo caso, aquelas que complementen ou suplan as competencias do Concello ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses peculiares do Municipio. Co fin de asegurar que existe unha iniciativa privada que merece a acción de fomento do Concello, o importe da subvención nunca poderá superar o 80 por 100 do custo da actividade ou proxecto subvencionado.
- As subvencións que se concedan non poderán aplicarse a finalidades distintas daquelas para as que foron outorgadas. O obxecto concreto das axudas ou subvencións aprobadas só poderá modificarse previa solicitude expresa do interesado e a través de Resolución motivada do órgano competente, que deberá tomar en consideración os criterios de valoración contidos nas Bases da Convocatoria, o coeficiente de financiamento asignado e o importe do orzamento subvencionado

BASE 48ª.- BENEFICIARIOS DAS SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.

1º. - Poderán solicitar e seren beneficiarios das axudas convocadas polo Concello as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, e entidades colectivas que reúnan os requisitos esixidos nas bases de cada convocatoria e se adecúen á súa finalidade.

No caso das asociacións sen ánimo de lucro de ámbito municipal, será requisito ineludible o figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, debendo estar tales inscrición debidamente actualizadas.

2º.- Os solicitantes deberán acreditar, no momento de formular a súa solicitude, a súa condición de interesado achegando:

- En caso de ser persoa física, fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal e o documento nacional de identidade.
- En caso de ser persoa xurídica ou entidade colectiva, fotocopias compulsadas do CIF e dos estatutos polos que se rexe, en caso de que estes non consten nas dependencias municipais, e certificación acreditativa de acordo de solicitude e nomeamento de representante para as súas relacións co Concello.
- Cando se prevexa expresamente nas bases reguladoras, poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes de abondo para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

3º. Para obter a condición de beneficiarios os solicitantes deberán acreditar que reúnen os requisitos e condicións establecidos no ordenamento vixente e, en particular, no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, nos artigos 18 e seguintes do regulamento da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

4º. - Os beneficiarios deberán cumprir as obrigas establecidas nas normas de aplicación xeral contidas nas bases de cada convocatoria e particularmente, as consideradas no artigo 14 da Lei xeral de subvencións e no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e nas presentes Bases de Execución.

BASE 49ª.- TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES E CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

1º. - **Solicitude.**- As solicitudes de subvención formalizaranse en impresos facilitados aos interesados polo Concello e presentaranse no seu Rexistro Xeral debidamente cumprimentados.

2º. - **Prazo de presentación.**- As bases de cada convocatoria sinalarán o prazo durante o cal se poidan presentar solicitudes, que non poderá ser inferior a un mes a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, salvo que por razón motivada, nas bases da convocatoria se estableza outro distinto.

Non obstante as bases da convocatoria poderán establecer as condicións de posibles convocatorias abertas, co contido e requisitos establecidos no artigo 59 do regulamento da Lei xeral de subvencións.

3º. - **Documentación.**- Os impresos de solicitude deberán reflectir, como mínimo, os seguintes datos:

- Identificación do programa.
- Identificación do solicitante: nome ou razón social, NIF ou CIF, domicilio social, domicilio para os efectos de notificacións, etc.
- Identificación do representante: nome e apelidos, NIF, domicilio para os efectos de notificacións, etc.
- Orzamento detallado de gastos e expresión de todas as axudas públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras solicitadas ou obtidas para a mesma finalidade.

- Contía da subvención e do coeficiente de financiamento solicitados.

Á solicitude deberá acompañar a seguinte documentación:

- a. Os documentos acreditativos da personalidade do solicitante ou do seu representante nos termos previstos no apartado 2º) da base anterior.
- b. Datos bancarios relativos á entidade, nº de conta e titular, que permitan facer efectivo o importe da subvención mediante transferencia, no suposto de que esta sexa concedida. Os datos citados reflectiránse en impreso asinado e selado pola entidade financeira.
- c. Declaración de non estar en ningún dos supostos de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- d. Memoria que fará mención ao historial do solicitante, ás persoas beneficiadas directa e indirectamente pola axuda, as actividades ou investimentos a realizar e o seu calendario. Entre a documentación a achegar, deberá figurar necesariamente unha memoria detallada na que se reflecta o conxunto de actividade desenvolta no exercicio anterior, reflectindo expresamente os gastos e ingresos do exercicio.
- e. No caso de realización de obras ou investimentos en xeral deberá incorporarse a documentación necesaria para identificar correctamente a obra ou adquisición a realizar e o compromiso de obter as licenzas e autorizacións que resulten preceptivas, para os efectos de cumprimento da legalidade urbanística, o respecto ao patrimonio histórico-artístico e a protección do medio, e acreditación da propiedade ou dereito real que se teña sobre o ben inmóbil.
- f. Declaración doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.
- g. Acreditación, mediante declaración responsable, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e, no seu caso, autorización ao Concello para que poida obter a certificación correspondente con carácter previo ao pagamento da subvención. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente a devandita autorización, debendo achegar entón a certificación nos termos previstos nos artigos 18 a 29 do regulamento da Lei xeral de subvencións.

4º.- Criterios de valoración.- Para a determinación da contía de cada unha das axudas a conceder especificaranse nas bases da convocatoria os criterios de valoración destas, ponderados axeitadamente.

Avaliarase en todo caso, ou xustificarse motivadamente a imposibilidade da súa avaliación, o emprego de lingua galega en realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda.

Os beneficiarios de subvencións municipais virán obrigados a poñer en coñecemento do Concello a concesión doutras axudas de organismos públicos para a mesma finalidade.

En ningún caso o importe da axuda municipal concedida poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

5º.- Informes e resolución. As solicitudes de subvención darán lugar a un informe subscrito polos responsables das unidades administrativas encargados da súa tramitación que porá de manifesto se os solicitantes reúnen as condicións para seren beneficiarios, e se a documentación achegada é adecuada e suficiente conforme ás bases da convocatoria.

A Comisión Avaliadora á que se refire o artigo 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e o artigo 21.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, valorará as solicitudes conforme aos criterios contidos nas bases, e propondrá o reparto de achegas (ou a desestimación das solicitudes presentadas, no seu caso), con indicación da porcentaxe de financiamento da actividade subvencionada, o orzamento subvencionado e os puntos a que se refire o apartado 5 do artigo 24 da Lei xeral de subvencións.

Correspóndelle á Alcaldía –ou órgano en que este delegue-, mediante resolución motivada, que será notificada a todos os solicitantes, resolver o outorgamento ou denegación das subvencións municipais, para os efectos de posibles recursos. A devandita resolución expresará o obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente e o orzamento subvencionado que deberá xustificar o beneficiario. Por razóns de economía, celeridade e eficacia no procedemento administrativo, as bases de convocatoria poden establecer que a reformulación das solicitudes a que se refire o artigo 27 da Lei xeral de subvencións e o artigo 61 do seu regulamento de desenvolvemento, poida ser automática, de modo que se o importe da subvención outorgada é inferior ao solicitado polo beneficiario, o orzamento subvencionado que debe ser obxecto de xustificación posterior determinarase dividindo a contía da subvención outorgada polo coeficiente de financiamento proposto polo beneficiario na súa solicitude.

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do beneficiario desta e o correlativo compromiso para o Concello que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma, se xustifica o gasto realizado na forma e prazos previstos nas bases da convocatoria e se acredita a realización dos compromisos que corresponden ao beneficiario (publicidade da subvención recibida, inscrición nos rexistros públicos oportunos, etc.).

BASE 50ª.- REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES OU INVESTIMENTOS SUBVENCIONADOS E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.

1º.- As bases da convocatoria determinarán expresa e separadamente o prazo e condicións para a realización das actividades ou investimentos subvencionados e o prazo e forma de xustificación do cumprimento das condicións da subvención, e especificarán as consecuencias asociadas ao incumprimento total ou parcial de ambos os dous prazos.

2º.- O cumprimento das finalidades que motivaron o outorgamento das subvencións, xustificarse achegando a correspondente documentación que acredite a realización do obxecto da subvención nos seguintes termos:

- a) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos correntes, xustificarse mediante unha conta xustificativa que conteña a seguinte información:
 - a. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - b. Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
 - c. Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - d. Facturas orixinais de gasto ou fotocopias debidamente compulsadas.
 - e. Naqueles supostos en que a natureza da actividade subvencionada e os gastos correntes que xere o fagan aconsellable, poderanse fixar outros medios de xustificación que acrediten, en todo caso, a realización da actividade obxecto de subvención e os gastos e ingresos xerados. Os medios de xustificación deberán ser concretados nas bases da convocatoria, mediante algún dos sistemas dispostos nos artigos 69 a 82 do regulamento da Lei xeral de subvencións.

b) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos de investimento, xustificaranse achegando unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención (licenzas preceptivas, publicidade do financiamento municipal, realización dos investimentos conforme ás normas contractuais de aplicación,...) con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos detallando os ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia, e, ademais, achegarán a seguinte documentación:

1. - Adquisición de bens de equipo.

a) Factura orixinal ou fotocopia compulsada.

b) Se o importe do equipo supera os 18.000,00 € deberá achegarse unha valoración pericial do ben adquirido suscrito por técnico colexiado independente.

2. - Adquisición de bens inmobles.

1. Fotocopia compulsada de escritura pública e xustificante de satisfacer os impostos correspondentes.

2. Inscripción no Rexistro da Propiedade do financiamento obtido e da adscrición do ben á finalidade para a que a subvención foi concedida polo prazo que se estableza nas bases, que non poderá ser inferior a cinco anos.

3. Se o importe do ben supera os 18.000,00 € deberá achegarse unha valoración pericial do ben adquirido suscrito por técnico colexiado independente.

3. - Execución de obras.

- Factura.

- Se as obras se executan por contratista adxudicatario, á certificación de obra que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE, acompañarase factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista. O importe do IVE só será gasto subvencionable se non ten o carácter de deducible para o beneficiario.

- Coa última certificación de obra acompañarase a acta de recepción e, se procede, a acreditación da inscrición no Rexistro da Propiedade do ben inmueble con especificación do financiamento obtido e da adscrición do ben á finalidade para a que foi concedida a subvención, polo prazo que establezan as bases, que non poderá ser inferior a cinco anos.

Naqueles supostos en que a natureza do investimento subvencionado e os gastos de capital que xere o fagan aconsellable, poderanse fixar outros medios de xustificación que acrediten, en todo caso, a realización da actividade obxecto de subvención e os gastos e ingresos xerados. Os medios de xustificación deberán ser concretados nas bases da convocatoria, mediante algún dos sistemas previstos nos artigos 69 a 82 do regulamento da Lei xeral de subvencións.

